

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NA CORUÑA O 8 DE ABRIL DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do concello de Poio do treito da estrada EP-0601 comprendido entre o seu p.q. 0+000 e o seu p.q. 1+730.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se procede a interpoñer, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, recurso de inconstitucionalidade en relación co artigo terceiro.3 e a disposición transitoria primeira.4 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164 do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para o acondicionamento paisaxístico do contorno e accesos da carballeira de San Xusto, por importe total de douscentos noventa e seis mil cento noventa e cinco euros con corenta e seis céntimos (296.195,46€).
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Pascua de Padrón.

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de especialización Intelixente de Galicia 2027 e o Plan galego de investigación e innovación 2022-2024.
- Acordo polo que se autoriza o Igape para exceptuar os beneficiarios da presentación de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), e se autoriza a subscripción do dito convenio por un importe total de 4M€.

## CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco con varios empresarios, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e *scale-out* da Xunta de Galicia (expediente AMT-2022-0055) por un valor estimado máximo de dez millóns trescentos vinte tres mil seiscentos cinco euros con oitenta e oito céntimos (10.323.605,88€).

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Viana do Bolo, para a execución das obras de rehabilitación da praza de abastos, por un importe de setecentos noventa mil catrocentos euros con trinta e oito céntimos (790.400,38€).

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para a análise piloto de ARPSI pluviais e do efecto do cambio climático nos novos ciclos de desenvolvemento da Directiva Europea de Inundacións, no marco do proxecto Innovaugas 4.0, cofinanciado nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020, por importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Melide para a ampliación do saneamento na parroquia de Santa María. Melide (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Outeiro de Rei para a mellora do sistema de abastecemento de Outeiro de Rei, fase II. Concello de Outeiro de Rei (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado do Proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23, por importe total de vinte e cinco millóns seiscientos mil euros (25.600.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para completar as axudas ao persoal investigador principal dos programas *Grant* do Consello Europeo de Investigación (ERC), por un importe total de novecentos mil euros (900.000€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, mediante acordo marco cun único empresario en cada lote, da subministración de equipamento necesario para os centros educativos públicos por un importe sen IVE de catro millóns setenta e oito mil cincocentos oitenta e tres euros con setenta céntimos (4.078.583,70€), e un valor estimado de oito millóns novecentos setenta e dous mil oitocentos oitenta e catro euros con catorce céntimos (8.972.884,14 €), que inclúe a posibilidade de prórroga para dous anos máis e da modificación dun 20% máximo.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados por porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Foro pola Economía Social Galega para a visibilización e o fomento da participación da economía social galega durante o ano 2022. Importe total: sesenta mil euros (60.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros (337.039 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o contrato plurianual de xestión 2022-2025 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia no camiño inglés.
- Informe sobre o Plan Xacobeo *Next Generation* na Coruña.

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a Cidade das TIC.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a oferta pública de adquisición de inmobles ao abeiro do programa Rexurbe 2022.
- Informe sobre actuacións en materia de vivenda e solo na Coruña.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia na Coruña para fomento da mobilidade sustentable. Fondos *Next Generation*.
- Informe das actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da fachada marítima da Cidade da Coruña: "Estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para actividades de recreo náutico".
- Informe sobre o inicio da tramitación ambiental do proxecto viario e de accesos dun novo hospital no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do Anteprojecto de lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a contratación de equipamento para a fase 0 do novo CHUAC.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE POIO DO TREITO DA VÍA PROVINCIAL DE PORTOSANTO ATA A BAIXADA CARA AO PORTO DE CAMPELO

- Transfírese un treito de algo máis de 1,7 km de lonxitude da estrada EP-0601
- A entidade local terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Poio do treito da estrada provincial EP-0601 comprendido entre Portosanto e ata o contorno da baixada cara ao porto de Campelo.

A Xunta recibiu o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra do cambio de titularidade a prol do Concello de Poio dun treito de algo máis de 1,7 km, desta vía provincial. A entidade provincial tamén achegou o certificado do acordo adoptado polo Concello de Poio de aceptación do dito cambio de titularidade.

O Concello de Poio e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron o compromiso da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, formula a proposta favorable de transferencia do treito da estrada EP-0601 comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 1+730.


A transferencia a prol do Concello de Poio tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito do treito obxecto do cambio de titularidade:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA ACORDA INTERPOÑER RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL

- O Goberno galego alega que a norma estatal que presume que a venda en vida dun ben transmitido por pacto sucesorio implicaría unha fraude fiscal é anticonstitucional e discriminatoria
- A Xunta tentou previamente negociar co Estado mediante unha comisión bilateral, pero as negociacións non deron lugar a un acordo satisfactorio
- A postura do Goberno galego está avalada por un ditame do Consello Consultivo de Galicia

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Proxecto de acordo polo que se procede a interpoñer recurso de inconstitucionalidade en relación co artigo 3º.3 e a disposición transitoria 1ª.4 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, ao entender que a norma estatal, cando presume que a venda en vida dun ben transmitido por pacto sucesorio implicaría unha fraude fiscal, é inconstitucional e discriminatoria.

O Goberno galego entende que a norma estatal descoñece a finalidade dos pactos sucesorios e non cumpre coa doutrina constitucional ao respecto, ao presumir de forma automática que quen vende un ben transmitido por pacto sucesorio antes do transcurso de cinco anos desde a celebración do devandito pacto ou do falecemento do causante, se for anterior, cometería unha fraude fiscal, polo que o grava tributariamente, cousa que non sucede de herdarse ese ben por falecemento.

Pola contra, a natureza do pacto sucesorio é de anticipo da herdanza e a súa utilidade responde á necesidade do herdeiro de recibir os bens que lle corresponden na herdanza con anticipación ao falecemento do causante, na maioría dos casos pola necesidade de contar con ese apoio patrimonial para emprender unha actividade ou adquirir un ben; por exemplo, unha vivenda. Fronte a isto, o precepto parte de que nese período temporal sempre, e en todo caso, estamos ante un intento de evasión fiscal.

Ao entender do Goberno galego, esta regulación descoñece a natureza xurídica dos pactos sucesorios e afecta o principio de igualdade ao penalizarse tributariamente o que herda por pacto sucesorio respecto do que o fai por herdanza por falecemento, polo que tamén é discriminatoria con quen opta pola herdanza en vida.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Antes de decidir a interposición do recurso de inconstitucionalidade, a Xunta tentou chegar a un acordo co Estado coa apertura da Comisión bilateral de cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, pero as negociacións non deron lugar a un acordo satisfactorio, polo que procede adoptar, por parte do Consello da Xunta, o acordo para a interposición do recurso de inconstitucionalidade.

Previamente existiu un ditame do Consello Consultivo de Galicia que considerou que existen fundamentos xurídicos suficientes para a interposición do recurso de inconstitucionalidade.

O prazo para a súa interposición finaliza o 10 de abril de 2022.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NA POSTA EN VALOR DA CARBALLEIRA DE SAN XUSTO

- A actuación permitirá o acondicionamento deste recurso paisaxístico e turístico, situado na parroquia de San Xurxo de Sacos
- Suporá un investimento total de case 300.000 euros, dos cales a Xunta achegará 230.000 euros, ao acondicionamento e a mellora paisaxística da carballeira e dos seus accesos para reducir o asfalto e introducir pavimentación máis acorde coa contorna
- Os elementos patrimoniais e naturais con que conta esta carballeira e a súa contorna, que abrangue un dos meandros do Lérez, fixérona merecente de estar dentro do Catálogo das paisaxes de Galicia

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio do Concello de Cerdedo-Cotobade para o acondicionamento paisaxístico e a mellora da contorna e os accesos da Carballeira de San Xusto, situada na parroquia de San Xurxo de Sacos, no concello de Cerdedo-Cotobade.

Con este obxectivo levaranse adiante actuacións por un importe total de máis de 296.000 euros, dos cales a Xunta, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará 230.000 euros repartidos en dúas anualidades: 155.000 euros neste ano e 75.000 euros en 2023, mentres que o resto do investimento será asumido polo Concello.

A carballeira de San Xusto é un territorio cun alto valor paisaxístico e patrimonial, que está recoñecido desde 2016 no Catálogo de paisaxes de Galicia, o que fai de grande interese non só a súa conservación se non a mellora do seus accesos con criterios acordes co valor da contorna.

Para iso levaranse adiante actuacións para reducir o impacto das superficies asfaltadas que a rodean, introducindo pavimentación máis acorde coa contorna patrimonial, restablecendo a relación entre a capela, a carballeira e a fonte de San Xusto e mellorando a xestión da auga, para evitar as escorrentías que se viñan producindo no lugar.

No marco destas actuacións tamén se procederá á mellora da sinalética e se establecerán puntos de información para facilitar o percorrido a pé por un contorno que conta cun gran número de elementos patrimoniais, como unha ponte romana, outra medieval, muíños e canles tradicionais de auga, unha minicentral hidroeléctrica e unha zona de piscinas e balneario de San Xusto, o que permitiría avanzar na posta en valor desta zona a través dunha ruta termal e cultural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA DECLARA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA A PASCUA DE PADRÓN

- A Pascua de Padrón conxuga o compoñente relixioso propio da Semana Santa cristiá con múltiples actividades laicas, ben sexan comerciais, culturais, deportivas e gastronómicas
- O Goberno galego leva aprobadas un total de 128 festas de interese turístico de Galicia, 35 na provincia da Coruña, 32 en Lugo, 20 en Ourense e 41 en Pontevedra

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Pascua de Padrón, unha vez examinada a solicitude presentada polo Concello de Padrón, e emitidos os preceptivos informes polas consellerías ou órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia con competencias relacionadas coa festa. Súmase ás 128 festas de interese turístico de Galicia, 35 na provincia da Coruña, 32 en Lugo, 20 en Ourense e 41 en Pontevedra.

Deuse conta do informe favorable ao cumprir os requisitos exixidos na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e recepción de visitantes, afluencia de visitantes, coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración, e o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolve.

A Pascua de Padrón é unha celebración secular con máis de 400 anos de antigüidade documentada, que conxuga o compoñente relixioso propio da Semana Santa cun enorme arraigamento na poboación e cun alto valor cultural, derivado das múltiples actividades que se desenvolven de xeito paralelo, ben sexan comerciais, culturais, deportivas, gastronómicas, etc., que se foron engadindo para seguir fortalecendo a Pascua como un polo de dinamización económica e sociocultural.

Nas últimas décadas, as actividades da Festa da Pascua de Padrón fóronse estendendo no tempo ata abranguer na práctica un período de tres semanas, sempre coincidindo coa entrada da primavera. Esta amplitude de datas, xunto coa diversidade das actividades programadas ao abeiro da Pascua -relixiosas, culturais, musicais, deportivas, comerciais, sociais, etc.-, son valores que reforzan a Pascua de Padrón como unha das principais romarías tradicionais de Galicia.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PLANIFICA A POLÍTICA DE I+D+i DESTA DÉCADA COA PREVISIÓN DE MOBILIZAR 5.000 M€ A TRAVÉS DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA**

- A Xunta aproba a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2027, unha oportunidade para transformar a Comunidade a través da innovación, a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías
- Mantén os grandes retos do período anterior ao asumir tres prioridades que permiten a busca de solucións para favorecer a sustentabilidade; a dixitalización para o novo modelo industrial, e un enfoque centrado nas persoas para orientar os esforzos en I+D+i na alimentación, a saúde e o envellecemento, convertendo Galicia nun contorno de referencia para a testaxe de novas oportunidades científico-tecnolóxicas e empresariais
- Entre as novidades destaca o establecemento de misións, unha fórmula para apoiar grandes proxectos transformadores en que integrar os diferentes axentes e combinar tecnoloxías que impulsen os obxectivos transversais e estratéxicos para o futuro de Galicia
- Durante este período agárdase triplicar o número de empresas innovadoras tanto en produto como en proceso
- Impulsarase a marca Galicia tamén na I+D+i e reforzarase a incorporación da muller ao campo da investigación e a tecnoloxía

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá aprobar a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia ata 2027 co obxectivo de favorecer, durante este período, unha mobilización de ao redor de 5.000M€ de investimento público-privado -en concreto, 4.988 millóns-, o que significa un 157% máis con respecto ao período anterior 2014-2020.

Ante a complexidade do contexto actual, a RIS3 de Galicia -remitida á Comisión Europea para a súa aprobación- é unha estratexia de territorio para abordar os grandes retos da Comunidade da próxima década, consolidando un modelo de desenvolvemento sustentable baseado na investigación e na innovación. Cun enfoque integral e transversal -pois involucra todas as consellerías- impulsa políticas de I+D+i co obxectivo de implicar as persoas, coordinar investimentos e aproveitar de xeito máis eficiente os recursos.

O consenso e a colaboración son as claves desta estratexia, que busca mobilizar e integrar todos os axentes do ecosistema galego de innovación ao redor de metas e prioridades compartidas que teñan un impacto real a nivel económico e social. En

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

definitiva, trátase de avanzar nunha Galicia sustentable e dixital a través dunha sociedade comprometida coa investigación e a innovación como motor do desenvolvemento económico, social e ambiental.

Mantén os retos do período anterior -xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento, vida saudable baseada no envellecemento activo da poboación – xa que nesta nova etapa se asumen a través de tres prioridades. En concreto, a busca de solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade; a dixitalización para o novo modelo industrial, e un enfoque centrado nas persoas como protagonistas de todo o proceso de I+D+i, orientando os esforzos cara aos desafíos da sociedade en alimentación, saúde e envellecemento activo, convertendo Galicia nun contorno de referencia para a testaxe de novas oportunidades científico-tecnolóxicas e empresariais (Galicia *Living-Lab*).

Entre as novidades destacan o establecemento de misións como fórmula para apoiar entre catro e seis grandes proxectos transformadores que integren os diferentes axentes e permitan combinar tecnoloxías: trátase de aliñar os recursos e capacidades para conseguir un efecto tractor e xerar impacto na I+D+i, asegurando a transversalidade e o carácter estratéxico dos proxectos.

Reforzarase a atención ás pemes para aumentar a intensidade de innovación das empresas e o seu número co obxectivo de consolidar as cadeas de valor. Desenvolverase tamén a Marca Galicia en I+D+i para fortalecer a súa consideración como socio internacional e mellorar a atracción de talento. Ademais, prestarase unha maior atención á perspectiva de xénero e á incorporación da muller ao eido da investigación e da tecnoloxía. Galicia aspira, ademais, a triplicar en 2027 a porcentaxe de empresas innovadoras tanto en produto como en proceso.

### **Acceso a fondos europeos**

A nova RIS3 vai permitir a mellora do posicionamento de Galicia no ámbito da I+D+i estatal, europea e internacional, ampliando oportunidades e investimentos tanto públicos como privados para afrontar, nesta década, a súa transformación. De feito, a Estratexia galega cumpre coa condición previa exixida por Europa para acceder aos recursos dos fondos estruturais para I+D+i do novo período de programación.

Grazas á RIS3 2014-2020, outorgáronse 6.700 axudas que mobilizaron 1.900M€ en investimentos público-privados; o 76% en accións encamiñadas a crear un modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. Ademais, neste período, o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento en I+D na Comunidade aumentou un 34,4%, máis de 10 puntos por riba da media nacional.

A nova RIS3 xa define máis polo miúdo o orzamento público-privado entre 2022-2024 -preto de 1.600M€- para levar adiante os cinco programas en que se divide esta fase: Completa e transfire (51% do crédito previsto) co obxectivo de complementar as cadeas de valor xerando resiliencia a través da colaboración e da transferencia; Integra, centrado na promoción dun ecosistema máis aberto e integrado (18%); Persoas e talento (14%), con medidas para desenvolver as capacidades dos profesionais; Innova e emprende (10%), que pretende equilibrar a excelencia coa aplicabilidade no mercado, e, por último, o programa Posiciona (6%), orientado a aproveitar a marca Galicia tamén en I+D+i para fomentar unha maior colaboración e presenza galega en contornos suprarrexionais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FACILITA FINANCIAMENTO ÁS ESTACIÓNS DE SERVIZO PARA QUE POIDAN FACER FRONTE AOS ADIANTOS QUE ESTÁN TENDO QUE ASUMIR AO NON TER COBRADO OS ANTICIPOS COMPROMETIDOS POLO GOBERNO**

- O Consello da Xunta de Galicia acorda que este sector poida acceder a estes apoios sempre e cando o prezo da materia prima se incremente en máis dun 20% con respecto ao ano 2021
- O Goberno galego avalará operacións financeiras por un máximo de 80M€, dos cales se prevé que 60 sexan para unha liña destinada a dar resposta ás dificultades económicas que atravesan as pemes, entre elas as gasoleiras
- Esta medida enmárcase dentro do Plan de choque que impulsa a Administración autonómica entre os sectores máis afectados polo contexto actual

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá as bases reguladoras do programa que lles permite ás pemes galegas e autónomos accederen a novas liñas de financiamento e que presta unha especial atención á axuda que se lles poida ofrecer ás empresas que se están vendo máis afectadas no contexto económico actual. Esta medida enmárcase, polo tanto, dentro do Plan de choque impulsado pola Administración autonómica. Neste sentido, inclúese un criterio específico para facilitar o acceso das estacións de servizo a estes apoios tras confirmar co sector as dificultades que están sufrindo ao non cobraren polo momento os anticipos comprometidos polo Goberno central e ao teren que facer fronte aos adiantos necesarios para cumprir coa rebaixa de 20 céntimos no litro de combustible aos seus clientes.

En concreto, a través dun convenio entre o Igape -dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación-, as sociedades de garantía recíproca (SGR) e entidades financeiras, avalaranse operacións por un máximo de 80M€. Prevese que ata 60 millóns de euros se destinen a esta nova liña de reaval que pretende dar resposta ás dificultades económicas que están a atravesar as pemes máis afectadas neste contexto económico actual, entre as cales se encontran as gasoleiras.

Búscase que poidan financiar os pagamentos operativos e investimentos para reducir a súa exposición ás materias primas e aos combustibles máis encarecidos, ademais de permitirlles ás pemes en xeral acollerse a esta liña de financiamento para realizar melloras na eficiencia enerxética.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os requisitos que deben cumprir é que se trate de préstamos de entre 3.000 e 300.000 euros e que o prezo das materias primas se incremente un 50% con respecto a 2021 -no caso das estacións de servizo, esta porcentaxe redúcese ata o 20%-, que o gasto en combustible e subministración enerxética supere o 25% con respecto a 2021, ou aquelas empresas que teñen unha exposición comercial nos mercados de Ucraína e Rusia. Ademais, poderá incluír unha bonificación de ata 1,5 puntos porcentuais no tipo de xuro.

Xunto con esta liña, as estacións de servizo tamén se poden acoller a un segundo tipo de reaval, o chamado reaval funcionamento, unha modalidade dirixida a liñas de crédito avaladas para o financiamento de tráfico comercial -adianto de efectos comerciais e facturas, pólizas de pagamentos a provedores e de comercio exterior-.

A maiores destas dúas liñas xa mencionadas e das que se poden beneficiar as gasoleiras galegas, o Consello da Xunta deu luz verde a dous tipos máis de reavais para pemes vinculadas a outras actividades económicas. En concreto, para o acceso a préstamos avalados a longo prazo para financiar investimentos produtivos ou circulante estrutural por parte das pemes galegas, e para garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA INVESTIRÁ ATA DEZ MILLÓNS DE EUROS EN MULTIPLICAR POR SEIS A SÚA CAPACIDADE DE ALMACENAMENTO DE DATOS

- O Consello do Goberno galego aproba un Acordo marco para ampliar a capacidade de xestión do dato da plataformas que albergan os sistemas que xestionan os servizos públicos dixitais
- Co novo equipamento, a Administración autonómica acadaría unha capacidade de 30.000 tebibytes, o equivalente a 10.000 billóns de páxinas
- Con esta actuación garátese a dispoñibilidade dunha administración cada vez máis dixital e a atención de futuras necesidades para xestionar o alto volume de información que xera a Administración
- Esta medida enmárcase nas actuacións de reforzo das infraestruturas tecnolóxicas autonómicas como a posta en marcha do Clúster Data Center Gaiás-Sionlla, que ampliará as capacidades do CPDI situado no Gaiás e cuxo proxecto vén de licitarse

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco que permitirá ter a capacidade de multiplicar por seis a capacidade de almacenamento das plataformas que sustentan sistemas de información esenciais na prestación dos servizos públicos dixitais. Cun investimento de ata 10,3 millóns de euros e una vixencia de 4 anos con varios provedores, este acordo marco permitirá acadar unha capacidade de ata 30.000 tebibytes, o equivalente a 10.000 billóns de páxinas.

A renovación e ampliación do parque de plataformas NAS e *Scale-Out* da Administración é esencial para atender as crecentes necesidades de almacenamento do alto volume de datos que xera o sector público autonómico, así como a súa conservación, de xeito que poida servir de base para identificar novas oportunidades, acadar unha maior eficiencia e modelos de datos relevantes que acheguen valor. Ademais, a maior capacidade de almacenamento garante a dispoñibilidade dunha Administración cada vez máis dixital e facilita a xestión intelixente do dato.

### **Reforzo das infraestruturas tecnolóxicas**

Esta actuación enmárcase nas actuacións para reforzar e redimensionar as infraestruturas tecnolóxicas que está a levar a cabo a Administración autonómica ante o proceso de transformación dixital. Nesta liña, a Xunta está configurando o Clúster Data Center Gaiás-Sionlla, que ampliará as capacidades do CPDI situado no Gaiás, o corazón dixital de Galicia, cun novo *Data Center*, que se construírá no parque empresarial da Sionlla.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta nova infraestrutura será o único dunha Administración pública española en cumprir coas maiores exigencias mundiais de seguridade, que certifica o *Uptime Institute* coa cualificación *Tier-4*. Esta certificación reflicte os máximos niveis de seguridade e unha dispoñibilidade do 99,99%, o que se traduce en tan só 53 minutos de posible indispoñibilidade ao ano, xa que supón que todos os sistemas están redundados.

O contrato para a realización do proxecto, a dirección de obra e a realización de probas implicará un investimento de máis de 1,5 millóns de euros e serán levadas a cabo polas empresas adxudicatarias *Quark Technological Solutions* e *PQC Power Quality*. O orzamento total será de 19,2 millóns de euros e inclúe a construción e a compra dos terreos, parte deles con cargo aos Fondos Europeos *Next Generation*.

A configuración do Data Center Gaiás-Sionlla permitirá duplicar as capacidades de procesamento e almacenamento de datos actuais e estará dimensionada para xestionar o incremento de novos servizos dixitais. O *Data Center* traballará en sincronía co CPD albergado no Gaiás e reforzará os mecanismos de seguridade, dispoñibilidade e custodia dos datos de todo o sector público autonómico, incluído o Sergas.

### **Estratexia EDG2030**

O reforzo das infraestruturas dixitais é fundamental para consolidar un goberno intelixente, un dos obxectivos da Estratexia Galicia dixital 2030 -que recolle diferentes actuacións-, ofrecer máis servizos públicos dixitais, inclusivos, proactivos, personalizados e seguros, máis accesibles e dispoñibles e desde calquera lugar, configurando unha Xunta no móbil. Entre os obxectivos intermedios neste ámbito, a EDG está o de acadar en 2025 que o 70% das persoas e o 85% das microempresas usen a canle dixital coas administracións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA E VIANA DO BOLO COLABORARÁN NA REHABILITACIÓN DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 790.000 €

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará o 70% do orzamento, mentres que a entidade municipal asumirá o 30% restante

A Xunta de Galicia e Viana do Bolo colaborarán na rehabilitación da praza municipal de abastos deste concello, co fin de reformala e darlle novos usos, cun investimento total de algo máis de 790.000 €.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda compromete unha achega do 70% –case 554.000 euros– para levar a cabo esta actuación. Trátase dunha iniciativa municipal coa cal se pretende recuperar o inmovible para convertelo nun edificio de usos múltiples, con locais e espazos para uso e servizo por parte das asociacións de veciños e entidades sociais do Concello.

O Consello, na súa reunión desta mañá, autorizou o acordo de cooperación entre a Consellería e o Concello de Viana do Bolo, no cal se establece que a entidade municipal achegará o 30% restante, presentará o proxecto de rehabilitación e asumirá –tras a recepción das obras– a explotación, mantemento e conservación delas.

A Consellería de Medio Ambiente sinala que a colaboración neste tipo de iniciativas vai máis alá da achega económica, xa que tamén asumirá a contratación e execución das obras –conforme o proxecto municipal aprobado–, tendo en conta que en moitas ocasións as entidades municipais non dispoñen da capacidade técnica para ese fin.

Cómpre lembrar que o Goberno galego puxo en marcha o plan Hurbe hai 12 anos, co fin de acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Nese sentido, a recuperación da praza de abastos de Viana do Bolo é unha actuación acorde cos obxectivos deste programa, ao mellorar os equipamentos e as dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA DESENVOLVERÁN METODOLOXÍAS DE ANÁLISE DO RISCO DE INUNDACIÓNS E DOS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO PARA APLICAR NA BACÍA DO RÍO VERDUGO

- O convenio suporá un investimento autonómico de 135.000 euros e terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de maio de 2023
- O acordo forma parte do desenvolvemento do sistema de alerta temperá de inundacións Merlín, no marco do proxecto Innovaugas 4.0, unha iniciativa da Xunta dotada dun orzamento de 7 M€
- Analizaranse os criterios dos distintos países na avaliación do efecto das inundacións para xerar mapas de zonas inundables e estudarase a inclusión nos mapas de risco do efecto do cambio climático nas precipitacións extremas
- Aplicaranse os distintos procedementos a áreas de risco potencial significativo de inundación pluvial ou a zonas inundables de orixe pluvial do sistema de explotación constituído pola bacía do río Verdugo, rías de Vigo e Baiona
- As áreas de risco pluviais incluíranse ao sistema de predición Merlín e definiranse os mapas de perigo asociados a distintos períodos de retorno, segundo as directrices da Directiva Europea de Inundacións

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para o desenvolvemento de metodoloxías para a análise das áreas con risco potencial significativo de inundacións pluviais e do efecto do cambio climático nas áreas fluviais con risco de asolagamento. O obxectivo é aplicar estas distintas metodoloxías de xeito piloto en núcleos do sistema de explotación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa constituído pola bacía do río Verdugo, rías de Vigo e Baiona.

O convenio autorizado hoxe suporá un investimento autonómico de 135.000 euros e terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de maio de 2023. Os traballos serán cofinanciados pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020.

Este convenio enmárcase nos retos de Innovaugas 4.0, iniciativa impulsada pola Xunta para acadar solucións novas para a xestión integrada das augas, optimizar os recursos hídricos e dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos da auga. O proxecto Innovaugas 4.0 conta cun orzamento de 7 M€ e está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) a través do programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis en concreto, o obxectivo deste novo convenio céntrase no ámbito de actuación do reto 2 do proxecto Innovaugas 4.0 e do desenvolvemento, por parte de Augas de Galicia, do sistema de alerta temperá de inundacións, denominado Merlín, que incorpora información en tempo real das axencias meteorolóxicas MeteoGalicia e Aemet, e que se está a implantar en todas as áreas con risco potencial significativo de inundacións de Galicia.

A ferramenta Merlín desenvolveuse como parte do Plan de xestión do risco de inundacións, de acordo co desenvolvemento da Directiva Europea de Inundacións e a súa transposición ao ordenamento xurídico español.

### **Traballos no marco da colaboración**

Mediante este convenio propónse impulsar un traballo conxunto entre os técnicos de Augas de Galicia, que achegarán o seu coñecemento e experiencia na predición de eventos de inundación e o seu coñecemento sobre o desenvolvemento da Directiva Europea de Inundacións, e os técnicos da Universidade da Coruña, que propoñerán novas liñas de traballo para dar resposta a estas necesidades, integrando as novas tecnoloxías e a experiencia da entidade hidráulica da Xunta de Galicia.

O dobre obxectivo deste novo convenio é, dunha banda, analizar as metodoloxías utilizadas nos distintos países para avaliar o efecto das inundacións pluviais e xerar os mapas de zonas inundables; e, doutra, considerar nos mapas de perigo e de risco o efecto do cambio climático nas precipitacións extremas que se deben considerar nos cálculos de perigo por inundación.

Con base nesta análise, aplicaranse os distintos procedementos a áreas de risco potencial significativo de inundación pluvial ou a zonas inundables de orixe pluvial do sistema de explotación constituído pola bacía do río Verdugo, rías de Vigo e Baiona.

Neste ámbito calibrarase a metodoloxía e aplicarase o método de cálculo que se considere máis adecuado, combinando a precisión e os recursos consumidos, en 4 áreas de risco potencial significativo de inundacións da bacía do río Verdugo, rías de Vigo e Baiona ou, na súa falta, nos núcleos urbanos en que se poidan constatar problemas de risco de inundación pluvial, e que poidan ser incorporados ao Catálogo de áreas de risco de asolagamento no próximo ciclo de planificación. Estas áreas inclúiranse na plataforma Merlín e defíniranse os mapas de perigo asociados a distintos períodos de retorno, segundo as directrices da Directiva Europea de Inundacións.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a aplicación da Directiva Europea de Inundacións inclúe considerar nos mapas de perigo e de risco o efecto do cambio climático nas precipitacións extremas que se deben considerar nos cálculos de perigo por inundación.

Para este traballo dispónse dos vínculos creados con Meteogalicia e Aemet no desenvolvemento de Merlín, que permiten colaborar con estas entidades para extraer as proxeccións proporcionadas polos diferentes modelos climáticos globais e rexionais existentes na actualidade para distintos escenarios de cambio climático considerados polo Grupo intergubernamental de expertos sobre o cambio climático.

Deste xeito, a partir das estimacións do efecto do cambio climático nas precipitacións extremas que se deben considerar nos cálculos de perigo por inundación e mediante o uso de modelos hidrolóxicos obteranse predicións da escorrentía superficial consistentes con estes escenarios.

Con base nestas escorrentías proxectadas, calcularanse mediante o uso de modelos hidráulicos novos mapas de perigo, que incorporen o efecto do cambio climático. Esta análise levarase a cabo tamén en catro áreas con risco potencial significativo de inundacións da bacía do río Verdugo, rías de Vigo e Baiona.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MELIDE PARA COMPLETAR O SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA CUN INVESTIMENTO DE 150.000 EUROS**

- Executarase un novo colector de saneamento que recolla as augas residuais das vivendas que quedan por conectar coa rede e as conduza por gravidade cara ao colector xa executado a ambas as marxes da estrada N-547
- A Xunta achegará 120.000 euros e executará as obras, mentres que o Concello de Melide contribuirá coa cantidade restante, 30.000 euros
- Completarase a rede de saneamento proxectada para dar servizo a unha poboación de 206 habitantes no ano 2040, tras unha primeira actuación con que se dotaron de saneamento as vivendas da parroquia no contorno da N-547, cun investimento superior aos 126.000 euros
- O Goberno galego mantén a súa disposición de cooperación técnica e financeira cos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Melide para completar a ampliación do saneamento na parroquia de Santa María, que suporá un investimento de 150.000 euros.

A través desta cooperación executarase un novo colector de saneamento que recolla as augas residuais das vivendas de Santa María que aínda carecen deste servizo e as conduza por gravidade para a súa conexión co colector xa executado a ambas as marxes da estrada N-547.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, achegará 120.000 euros. O Concello de Melide contribuirá ao financiamento restante destinando 30.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización. As obras teñen un prazo de execución de 2 meses.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Esta actuación será cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa 2014-2020.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Saneamento de Santa María**

Con esta nova intervención a Xunta mantén a súa colaboración co Concello de Melide no impulso da mellora dos servizos de saneamento, de competencia local, na parroquia de Santa María.

Esta actuación súmase a unha primeira fase xa executada pola Xunta e entregada o pasado ano o Concello, con que se dotaron de saneamento as vivendas unifamiliares e edificacións de ambas as marxes da estrada N-547 nese contorno.

Esas obras supuxeron un investimento superior aos 126.000 euros e centráronse na construción dun sistema de algo máis de 1,4 km de lonxitude que recolle as augas residuais urbanas das vivendas que carecían deste servizo, para seren conducidas ata a rede de saneamento existente na parroquia, e que acaba nun bombeo que impulsa as augas residuais cara á depuradora de Melide.

Esta intervención tivo que ser modificada con respecto ao proxecto inicial debido aos condicionantes introducidos polo Ministerio de Transportes e para afrontar o problema de cota das vivendas situadas na parte inicial do colector da marxe esquerda.

Deste xeito, e co fin de darlles unha solución de saneamento axeitada a eses veciños, a Xunta contratou a redacción do proxecto das obras autorizadas hoxe polo Executivo autonómico, á marxe da actuación xa executada. A redacción do proxecto supuxo un investimento autonómico de 8.500 euros.

As obras que se van realizar agora consisten na dotación dun colector de saneamento de 417,54 metros de lonxitude para a súa conexión augas abaixo co colector existente. Para acometer os traballos será necesario realizar unha perforación horizontal dirixida, paralela á N-547, para salvar unha zona moi estreita entre unha vivenda e a estrada nacional, onde o colector se colocará a máis de 6 metros de profundidade.

Completarase a nova rede con 10 pozos de rexistro e repoñeranse os pavimentos afectados polas obras nas entradas ás vivendas.

Estas obras completan a rede de saneamento proxectada para dar servizo á poboación da parroquia de Santa María, 206 habitantes no ano horizonte 2040.


O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A continuación, móstrase un plano resumo das obras proxectadas:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA EXECUTAR A 2ª FASE DE MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL CUN INVESTIMENTO DE 200.000€**

- Ampliarase a rede existente, conectándoa a través dun novo ramal coa zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a autovía A-6
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 160.000 euros, e executará as obras, mentres que o Concello de Outeiro de Rei contribuirá co 20% restante
- Darase continuidade á 1ª fase de ampliación do abastecemento, que conecta a rede de distribución que leva a auga desde do depósito de cabeceira ata o polígono industrial da Matela coa rede que se abastece da potabilizadora
- As novas actuacións darán servizo a unha poboación de 1.485 habitantes, ao parque empresarial e ao gando da zona no ano horizonte de 2046
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Outeiro de Rei para a execución da segunda fase da mellora da rede de abastecemento municipal, que suporá un investimento de 200.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, executará as obras e contribuirá ao financiamento das actuacións co 80% do orzamento, destinando 160.000 euros. O Concello achegará o 20% restante. A actuación será cofinanciada pola Unión Europea a través do fondo comunitario Feader.

O obxecto desta colaboración é executar as obras de ampliación da rede existente, conectándoa a través dun novo ramal coa zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a autovía A-6.

Na actualidade, o concello de Outeiro de Rei dispón dunha estación de auga potable, ampliada en dúas ocasións cunha capacidade de tratamento 300m<sup>3</sup>/h, e dous depósitos de cabeceira de 1000 m<sup>3</sup> e 2700 m<sup>3</sup> de capacidade que forman de forma solidaria.

A primeira fase, executada no ano 2019 cun investimento de case 500.000 euros, fíxose co obxectivo de ampliar a rede de abastecemento, conectando a rede de distribución que actualmente se alimenta mediante unha tubaxe que vai desde o depósito de cabeceira ata o polígono industrial de Matela coa rede que se abastece da estación de tratamento de auga potable.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras consistiron na execución dun ramal principal, cunha lonxitude de algo máis de 3 quilómetros de tubaxe. Na actuación leváronse a cabo dous cruzamentos subterráneos no río Miño e na N-VI que se realizaron mediante perforación dirixida.


A 2ª fase das obras, obxecto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, complementarán esta primeira intervención co obxectivo de reforzar a rede de abastecemento existente, xa que presenta problemas en canto a presións e caudais dispoñibles para abastecer a demanda actual e futura.

Para iso proxéctase a ampliación da rede, mediante a instalación dun ramal en tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, que contará cunha lonxitude total de 620 metros que conectará coa rede existente na zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a autovía A-6.

As obras proxectadas darán servizo a unha poboación de 1.485 habitantes, ao parque empresarial da Matela e ao gando da zona, no ano horizonte de 2046.

A Xunta mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito máis eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

Planta das actuacións segundo o proxecto:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA REFORZA CUN INCREMENTO DO 47 % ATA ACADAR OS 25,6 M€ AS AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR O VINDEIRO CURSO 2022/23**

- A Xunta mantén as contías e criterios de renda que se flexibilizaron á alza no curso 2020/21 para apoiar as familias no contexto de pandemia
- O alumnado de 1º e 2º de Primaria poderá acollerse ás axudas á compra de libros, que van entre os 210 e os 140 euros en función da renda
- No caso do alumnado matriculado en educación especial, mantense unha axuda de 275 euros independentemente da renda
- O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO poderá acollerse ao Fondo solidario de libros, asignado por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar
- Ademais, no caso de rendas iguais ou inferiores aos 6.000 euros per cápita, o alumnado poderá recibir vales de 50 euros para adquisición de material escolar
- O incremento de orzamento vai destinado case na súa totalidade a financiar a renovación dos manuais do Fondo de libros obrigada pola entrada en vigor da nova Lei educativa

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Proxecto de orde pola que se regula a participación no Fondo Solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23, cunha dotación de 25,6 M€, o que supón un incremento do 47 % con respecto aos 17,4 M€ do presente curso.

Para o próximo ano académico, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade volve manter a flexibilización das exixencias de renda e o aumento xeneralizado das contías das axudas que aplicou no curso 2020/21 co obxectivo de reforzar o apoio ás familias ante o contexto de pandemia. Cómpre subliñar que, un ano máis, todas as familias que cumpren cos requisitos teñen cuberto de balde, case na súa totalidade, os libros e o material escolar que precisan para os seus fillos.

O sistema solidario habilitado polo Goberno galego que posibilita garantir unha educación accesible para o conxunto do alumnado susténtase en tres eixes: o Fondo solidario de libros de texto, as axudas á adquisición de libros de texto (para aquelas ensinanzas e cursos en que os materiais non son reutilizables) e as axudas para a adquisición de material escolar.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Renovación de manuais pola entrada en vigor da LOMLOE**

No que atinxe ao aumento do orzamento para o vindeiro curso, este vai dirixido case na súa totalidade a afrontar a reposición de manuais do Fondo solidario de libros que vén obrigado pola entrada en vigor, en setembro, da nova lei educativa, LOMLOE, para os cursos impares.

Así pois, o próximo curso hai que renovar todos os libros de texto de 3º e 5º de educación primaria e 1º e 3º de ESO, o que implica un desembolso extra por parte da Comunidade Autónoma.

O montante total para o Fondo solidario pasa dos 5,5 M€ aos 14,2 M€, o que supón unha suba de 8,7 M€.

### **Axudas á compra**

As axudas da Xunta para a compra de libros están dirixidas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, e ao alumnado matriculado en educación especial e ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Así, no caso do alumnado dos dous primeiros cursos de primaria, recibirán 210 euros no caso de renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros, e de 140 euros para as rendas de entre 6.000 e 10.000 euros.

No caso do alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos, recibirá un importe de 275 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

Ademais, o alumnado de 1º e 2 de primaria que se encontre en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirá a axuda máxima (210 euros) e non terá que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

### **Fondo solidario**

No Fondo solidario de libros pode participar o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. A asignación de libros de texto farase, ao igual que en cursos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da súa renda familiar.

Así, o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros ou que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(nestes dous últimos casos con independencia da renda) ten garantido o acceso a seis libros. Pola súa banda, as familias con tramos de renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros terán acceso a catro manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao Fondo solidario ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros dos cursos anteriores.

### **Axudas para material escolar**

O destinatario das axudas para material escolar é todo o alumnado matriculado en educación primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros, e a contía da axuda é de 50 euros/alumno.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Unha vez que se abra o prazo, logo da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, as solicitudes poderán presentarse por vía electrónica (preferentemente) empregando a aplicación informática *fondo libros* a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

### **Balance do presente curso 2021-22**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade repartiu de forma gratuíta no presente curso escolar un total de 464.576 libros de texto do Fondo solidario, o que afecta un total de 80.355 alumnos de 3º a 6º curso de educación primaria e dos catro cursos de ESO. Outros 26.841 alumnos beneficiáronse das axudas da Xunta para a adquisición de libros de texto, mentres que un total de 93.256 alumnos recibiu vales para a adquisición de material escolar.

A asignación de manuais dispoñibles no Fondo solidario faise por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar e, de ser necesario, o centro adquire os libros complementarios que sexan precisos para garantir unha cobertura similar á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas (seis ou catro libros por alumno/a, segundo o caso).

Deste xeito, e atendendo aos criterios de renda, case sete de cada dez alumnos de primaria e de secundaria beneficiarios do Fondo recibiron seis ou máis libros de balde, é

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dicir, que tendo en conta que a media de manuais nos centros é de seis por curso, nestes casos quedou cuberta a práctica totalidade das súas necesidades.

O Fondo solidario está deseñado para garantir que as familias con rendas máis baixas sexan as primeiras destinatarias do programa, de forma que poidan ser beneficiarias do maior número de libros dispoñibles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA CON 900.00€ O TRABALLO CIENTÍFICO DOS INVESTIGADORES MÁIS EXCELENTES NAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE VIGO

- O Consello autorizou unha axuda complementaria para os tres científicos con contratos do Consello Europeo de Investigación (ERC) que traballan na USC e na UVigo
- O Sistema universitario galego dispón actualmente de 12 investigadores con axudas ERC
- Desde 2012, o Goberno galego leva inxectados preto de 7M€ a esta acción

A Xunta de Galicia continúa apoiando a investigación máis excelente no Sistema universitario de Galicia (SUG) ao reforzar cun total de 900.000 euros a actividade de tres científicos de referencia con axuda por parte do Consello Europeo de Investigación (ERC), que están desenvolvendo o seu traballo nas universidades de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo). As contías, que prevén un período de cinco anos (desde 2022 ata 2026), oscilan entre os 250.000 e os 400.000 euros para todo o período e varían en función das categorías.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a USC e a UVigo (que son as que contan con investigadores no programa ERC) para achegar esta axuda complementaria de 900.000 euros. O obxectivo é que os investigadores principais beneficiarios dos programas convocados polo ERC -un *Synergy Grant* (SyG) na USC e dous *Starting Grants* (StG) na UVigo- poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. Os destinatarios das axudas son Diego Peña (SyG), pola Universidade de Santiago de Compostela, e Sara Varela (StG) e Mario Pansera (StG), pola Universidade de Vigo.

Desde o ano 2012 a Xunta vén asinando convenios coas tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) co fin de achegar unha axuda complementaria para que o persoal investigador principal beneficiario das convocatorias dos programas ERC poidan crear ou consolidar o seu propio equipo de investigación en Galicia.

Neste período, a Consellería de Educación leva achegadas a esta acción un total de 6.725.000€, e beneficiou 22 investigadores das tres universidades públicas galegas, dos cales actualmente 12 contan con axuda vixente: nove na USC; un na UDC e dous na UVigo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal ERC; para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico; para adhesión a sociedades científicas; para formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto; para desprazamentos vinculados coa dita actividade; para investigadores visitantes e para organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación innovadora e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC concede subvencións ao programa *Grant (Starting, Advanced, Consolidator e Synergy)*, destinadas ao persoal con 2-12 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento.

As ditas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos, e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITARÁ POR CASE 5 M€ A COMPRA DE MÁIS DE 42.500 UNIDADES DE MOBILIARIO ADAPTADAS AO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA**

- O obxectivo é ir renovando a dotación dos centros a medida que se vaian realizando ampliacións, reformas ou xurdan novas necesidades
- Os elementos están axustados ás exixencias de accesibilidade, adaptabilidade e inclusividade establecidas polo plan, o que supón un maior confort e favorecen a adopción de novas metodoloxías de aprendizaxe, así como o traballo colaborativo
- Deste xeito, o Goberno galego anticipase ás necesidades dos próximos cursos, ás cales se dará resposta con axilidade

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á licitación dun expediente por case 5 M€ para a adquisición de máis de 42.500 unidades de mobiliario conforme o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a folla de ruta do Goberno galego para adaptar os centros escolares ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas, e que supón un investimento de 191 M€ nesta lexislatura.

Para iso apróbase un acordo marco por dous anos, cun importe total de 4.935.086,27 €, que prevé a posibilidade dunha prórroga de dous anos e unha modificación dun 20 % máximo, de xeito que o valor estimado total ascende a case 9 M€.

O acordo divídese en cinco lotes atendendo á distinta natureza ou características dos bens que se van subministrar. Así, o primeiro céntrase en diverso mobiliario (mubles metálicos, asentos e mesados) para as zonas administrativas, laboratorios, salas de usos múltiples e salas de xuntas; o segundo, en armarios e andeis de madeira para os diferentes espazos educativos dos centros de ensino, mentres que o terceiro é para o mobiliario de aula polivalente (mesas, pupitres, encerados, taboleiros de cortiza e cadeiras).

O cuarto lote inclúe o equipamento versátil para diferentes espazos e usos variados, en concreto elementos con rodas, pregables e modulares que favorecen o ensino individualizado e o traballo en grupo de xeito áxil, facilitando as diferentes metodoloxías da aprendizaxe. Finalmente, o quinto lote correspóndese con cadeiras que se amorean, de diferentes tamaños e cores, para estudantes de todas as etapas.

Ao abeiro deste expediente contratarase a compra de 18.500 cadeiras de cores amoreables, 9.975 pupitres de diversa configuración (para unha ou varias persoas), 725 encerados, 60 taboleiros brancos magnéticos, 35 equipamentos para recunchos de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lectura informal de secundaria, 40 bancos de carpinteiro, 160 mesas de laboratorio, 250 xogos e tapices de chan e 515 butacas de salón de actos, entre outros.

Este equipamento empregarase para ir renovando o mobiliario dos centros a medida que se realicen obras de ampliación e mellora, así como cando xurdan novas necesidades de escolarización ou se estraguen as pezas existentes.

Coa aprobación deste acordo marco, a Xunta de Galicia prevé as necesidades de subministración que vaian aparecendo nos próximos cursos, dando axilidade á dotación dos colexios e institutos

### **Medio millar de actuacións**

A través do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, o Goberno galego prevé realizar medio millar de actuacións ata 2023, o que supón melloras en catro de cada dez centros escolares nos vindeiros tres anos.

Trátase dunha iniciativa pioneira que busca reforzar un novo modelo de colexios e institutos na etapa posCOVID, onde a arquitectura teña unha orientación educativa vinculada ás novas metodoloxías de aprendizaxe.

Un dos seus eixes estruturais pasa por configurar nos centros espazos máis amplos e saudables, accesibles e inclusivos e dotados de mobiliario móbil e adaptado ás medidas de cada ciclo, abatible, amoreable e de fácil almacenamento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **XUNTA E FOROESGAL SEGUIRÁN A COLABORAR PARA DIFUNDIR E FOMENTAR A ECONOMÍA SOCIAL NO ANO EN QUE SANTIAGO DE COMPOSTELA EXERCE A CAPITALIDADE ESPAÑOLA**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Foro da Economía Social Galega (Foroesgal), dotado con 60.000 euros, para a divulgación e participación social nesta fórmula económica
- Grazas a este marco reforzarase a presenza da economía social galega en foros estatais e internacionais, elaboraranse informes de oportunidades e captaranse eventos con motivo da capitalidade compostelá
- A Xunta investirá este 2022 máis de 35 millóns de euros no impulso desta modalidade de negocio, que xa supón o 7% do PIB galego
- No período 2019-2021 creáronse en Galicia 449 novas entidades e 3.715 empregos na economía social

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Foro da Economía Social en Galicia, que suporá un investimento de 60.000 euros de fondos autonómicos para o impulso e visibilización desta fórmula empresarial en Galicia. É o segundo ano consecutivo en que se formalizará esta colaboración que, nesta ocasión, adquire como valor engadido a conmemoración en 2022 de Santiago de Compostela como Capital Española da Economía Social.

Grazas a este marco, a Xunta contribuirá a reforzar a presenza da economía social galega en foros europeos e estatais, así como a outorgarlle maior presenza ante os axentes económicos e sociais da Comunidade.

O Goberno galego quere, por outra banda, apoiar a realización de informes de oportunidades e a conformación de grupos de traballo que faciliten o desenvolvemento de proxectos de economía social, no marco dos plans de recuperación e reactivación económica tras a pandemia e o conflito de Ucraína.

O convenio deste ano pon o foco, de xeito específico, na captación de eventos e participación en actos convocados con motivo do recoñecemento de Santiago de Compostela como Capital Española da Economía Social.

A Xunta, con este conxunto de actuacións quere fomentar, dar a coñecer e impulsar ás entidades que integran a economía social para o eficaz cumprimento dos fins

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

económicos e sociais que lle son propios, co obxectivo de ampliar a súa presenza a todos os campos da acción social, económica e empresarial.

Con este propósito, así como para apoiar o potencial de Galicia cara este tipo de fórmulas apegadas ao territorio, a Xunta de Galicia destinará en 2022 máis de 35 millóns de euros á Economía Social, dous millóns máis que en 2021.

En Galicia están rexistradas neste momento máis de 7.000 entidades e empresas da economía social e xa é a Comunidade con maior crecemento en canto ao número de novas cooperativas creadas.

Entre 2019 e 2021, o horizonte temporal ao que se cinguiu a 1ª Estratexia Galega da Economía Social, con máis de 89 millóns de euros mobilizados, creáronse 449 entidades con 3.715 postos de traballo asociados.

A economía social é unha forza chave no mercado laboral galego, onde representa o 7% do PIB e encaixa cos valores e principios que caracterizan aos galegos, polo seu carácter emprendedor e o xeito de se relacionar coa contorna. Na actualidade, ademais, case o 51% das novas iniciativas están promovidas por mulleres.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# XUNTA E COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA MANTEÑEN A SÚA COLABORACIÓN PARA PRESTAR ATENCIÓN ESPECIALIZADA E GRATUÍTA A 1.000 PERSOAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para a atención a mulleres, menores e os seus familiares para axudarlles no proceso de recuperación
- A iniciativa tamén inclúe apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar a través do programa *Abramos o círculo* que contou en 2021 coa participación de 136 homes
- Entre 2009 e 2021 beneficiáronse desta iniciativa 9.663 persoas: 6.007 mulleres, 2.155 menores, 349 persoas da contorna familiar das vítimas e 1.152 homes

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración autonómica e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención especializada e gratuíta a unhas 1.000 persoas vítimas da violencia de xénero ao longo deste ano. A cooperación, que conta cunha achega de 337.039 euros, similar á de 2021, diríxese, por unha banda, a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como a membros do seu entorno familiar e, por outra, a homes que teñen problemas de control das súas actitudes violentas a través do programa *Abramos o círculo*.

Esta iniciativa conxunta permite, polo tanto, apoiar a recuperación das vítimas da violencia de xénero mediante o apoio psicolóxico ás mulleres e menores que a padecen, así como a outras persoas da contorna familiar afectadas; e prevé tamén apoio especializado psicolóxico aos homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar que adoptan actitudes inadecuadas nas relación coa súa parella, coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade. Os participantes reciben recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia. O pasado ano participaron un total de 136 homes.

No caso das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, inclúese no programa a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por violencia de xénero, sempre que sexa preciso, en coordinación co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE); apoio terapéutico e psicolóxico das usuarias do Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero; e garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde 2009 e ata o ano pasado, os convenios subscritos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia permitiron chegar a 9.663 persoas beneficiarias: 6.007 mulleres, 2.155 menores, 349 membros da contorna familiar das vítimas e 1.152 homes, que participaron no programa Abramos o círculo. En 2021, os beneficiarios sumaron 1.305 entre mulleres (799), menores (306), familiares (64) e homes (136).

Con medidas como esta, a Xunta tenta mellorar a resposta que desde as institucións se proporciona ás vítimas da violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación e contribúan a reforzar a súa autoestima. A atención psicolóxica, neste sentido, resulta fundamental para a recuperación e adquisición de habilidades que lles permitan a estas persoas lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral e rachar coa situación de violencia.

A iniciativa enmárcase no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA 15,3 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E FORMATIVA DE ACIS

- O Plan estratéxico da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento para o período 2022-2025, contempla seis eixos baseados na formación, a docencia, a investigación a innovación, a avaliación e a Xestión
- Entre as novidades nos vindeiros catro anos, a ACIS destaca a implementación dunha plataforma de apoio aos investigadores sanitarios e a coordinación e execución de programas de innovación a nivel nacional e internacional

O Consello da Xunta ven de aprobar esta mañá o contrato plurianual de xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), que contará cun investimento de 15.322.642 euros para o período 2022-2025. O Contrato Plurianual de Xestión establece os compromisos que ten que cumprir ACIS no ámbito da súa actividade.

O Plan estratéxico de ACIS para o período 2022-2025, estrutúrase en seis eixos obxectivos estratéxicos que, a súa vez, divídense en 13 obxectivos operativos e 43 accións. O primeiro dos eixos é a formación, para promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sergas. O segundo e o terceiro eixo son a docencia e a investigación, para poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada e fomentar unha investigación de calidade, respectivamente, dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia.

O cuarto eixo, innovación, continuará coa aposta polo impulso da innovación como elemento transformador no Sistema Público de Saúde de Galicia e o quinto eixo, avaliación, ten como obxectivo xerar evidencia científica que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde, no relativo á incorporación de tecnoloxías sanitarias e á adopción de novas prácticas clínicas. O último dos eixos é a xestión, e persigue unha organización eficiente dos recursos económicos e humanos nas diferentes unidades áreas de ACIS, que facilite que a Axencia cumpra os seus obxectivos.

ACIS, creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, é unha Axencia pública autonómica pertencente ao grupo de entidades públicas instrumentais, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Sergas. O seu obxectivo é garantir unha maior eficiencia e eficacia na xestión da docencia, a formación, a investigación, a innovación e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios. A través de ACIS promóvese unha xestión

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do coñecemento dos profesionais do Sistema Público de Saúde galego, fomentando a interconexión entre eles para evitando que se disperse ese coñecemento.

### **Novidades para o período 2022-2025**

O contrato plurianual de xestión de ACIS aprobado esta mañá, recolle una serie de novidades entre as que cabe destacar a implementación dunha plataforma tecnolóxica de formación para os profesionais, así como o desenvolvemento e implementación da plataforma SAVAR para facilitar a xestión administrativa dos responsables de formación sanitaria especializada.

Ademais, este Plan de xestión porá especial énfase na coordinación e execución de novos programas de innovación, entre os que cabe destacar varios proxectos. Un deles é Innovamicrolab, para o desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas que permitan obter, de xeito rápido e totalmente automatizado, diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica, así como identificar cambios no microbioma humano asociado a determinadas enfermidades.

Outros destes programas son o InnovaTrial, que traballa na procura de solucións innovadoras que sirvan de ferramenta de apoio para a xestión de todo o proceso, desde o inicio ata a finalización dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde; ou o proxecto Tartaglia, que consiste na participación dunha Rede federada de Intelixencia Artificial (IA) para acelerar a investigación sanitaria e construír ferramentas de IA sobre os datos de forma conxunta e segura. Búscase deste xeito dar confianza aos profesionais e crear un mercado competitivo en España e Europa para fomentar a creación e o crecemento de empresas.

Así mesmo, o traballo de ACIS para estes próximos catro anos, recolle a participación nos proxectos Regions4PerMed e Tittan Covid-19. O primeiro deles busca o establecemento da primeira cooperación interrexional en medicina personalizada, coa finalidade de aliñar estratexias e instrumentos financeiros, identificar áreas de inversión clave, crear un enfoque participativo e lanzar unha axenda rexional europea en medicina personalizada. Pola súa banda, Tittan Covid-19 ten como obxectivo establecer unha rede de intercambio de coñecemento con outras rexións europeas para potenciar a innovación e a transferencia de tecnoloxía no eido da saúde. Neste caso está dirixido a intercambiar boas prácticas relacionadas coa covid-19.

A calidade e a eficiencia do Sistema Público galego de saúde dependen directamente das competencias dos seus profesionais. É por isto que, o continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o excelente nivel do noso servizo sanitario. A pandemia, ademais, puxo de manifesto a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importancia do desenvolvemento do I+D+i para dar mellor a mellor resposta posible e ás necesidades do sistema de saúde de vangarda e permitindo que o noso sistema sexa capaz de adaptarse ás profundas transformacións dun mundo en cambio, permitindo mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA TERÁ INVESTIDO NO IMPULSO DO CAMIÑO INGLÉS MÁIS DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS OA REMATE DO XACOBEO

- Neste ano, o Goberno galego prevé un investimento de 2,5 millóns de euros, a maior parte destinado á posta en marcha dos novos albergues de peregrinos de Ferrol e A Coruña
- As actuacións previstas en materia de conservación e mellora do trazado suporán un investimento este ano de 420.000 euros
- No marco do Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, o Camiño Inglés absorbeu un investimento de case 2 millóns de euros
- O Camiño Inglés foi o 3º itinerario máis escollido polos peregrinos que recolleron a súa Compostela o ano pasado, representando preto do 5% do total

O Consello da Xunta deu conta dun informe de actuacións que a Xunta de Galicia ven acometendo para o impulso e posta en valor do Camiño Inglés e que suporán un investimento de máis de 4,5 millóns de euros ao remate deste Xacobeo 21-22. O informe fai referencia ás actuacións en materia tanto de conservación e mellora do trazado como no que atinxe ao ámbito da acollida na rede pública de albergues para peregrinos.

Desde 2015 e no marco do Plan Director do Camiño de Santiago, o Goberno galego investiu nestes dous eixes de actuación, trazado e acollida, do Camiño Inglés preto de 2 millóns de euros que agora este ano se incrementan un 30% coa celebración deste Ano Santo. De feito, só neste 2022 investirase no Camiño Inglés algo máis de 2,5 millóns de euros. A maior parte deste investimento é absorbida pola creación de dous novos albergues públicos nas cidades de Ferrol e A Coruña, que suporán un investimento de preto de 2 millóns de euros mentres que outros 420.000 euros estarán destinados a traballos de mellora e conservación do trazado e algo máis de 200.000 euros a conservación dos seis albergues públicos xa existentes neste trazado.

#### **Adxudicación da obra do albergue de Ferrol**

Dos dous novos albergues públicos, o de Ferrol será o primeiro que estea en marcha, xa que a previsión é que neste mes de abril se adxudiquen as obras e que dean comezo en canto o Concello de Ferrol conceda a licencia. O novo albergue, que suporá un investimento de 467.000 euros, estará situado na Casa do Mar de Ferrol e contará con 60 prazas, dúas delas adaptadas para persoas con limitacións de mobilidade.

No caso da Coruña, o novo albergue construírse na parcela ofrecida polo Concello e na que é preciso derrubar a estrutura existente, que se atopa en moi mal estado, se ben a nova infraestrutura de acollida de peregrinos replicará a fisionomía singular da

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

edificación existente. O investimento, incluídos os traballos do derrubo do inmoble actual, será de 1,5 millóns de euros cun prazo de execución de preto de 9 meses.

Finalmente, o informe recolle tamén a boa saúde da que goza o Camiño Inglés, que foi gañando en popularidade nos últimos anos. En 2019 situouse como a 5ª ruta máis transitada con algo máis de 15.000 peregrinos, o que supoñía un incremento do 25% nos últimos cinco anos. O ano pasado o Camiño Inglés foi o terceiro itinerario máis empregado, con case 11.000 peregrinos, un 5% do total que recolleron a súa certificación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PLAN XACOBEO NEXT GENERATION INVISTE NA PROVINCIA DA CORUÑA CASE 2,5M€ NA REHABILITACIÓN DOS BIC DA TORRE DE HÉRCULES E DO PARQUE DO PASATEMPO DE BETANZOS

- O Consello da Xunta dou conta hoxe das actuacións que se levarán a cabo ao abeiro deste plan na provincia coruñesa, que conta cun orzamento total de 39,2M€ de fondos europeos co obxectivo de reactivar o turismo galego neste Xacobeo 21-22
- No conxunto de Galicia, o Plan Xacobeo Next Generation conta 22,7M€ en actuacións en 12 BIC
- Contémpanse tamén melloras no arquipélago de Sálvora, que contará cunha axuda de 800.000€ para actuacións de rexeneración ambiental, experiencias turísticas interactivas e destino starlight, entre outras

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre o Plan Xacobeo Next Generation na provincia da Coruña, que supón un investimento de case 2,5 millóns de euros de fondos europeos na rehabilitación da Torre de Hércules da Coruña e do Parque do Pasatempo de Betanzos, ambos considerados Bens de Interese Cultural (BIC) e no caso do faro romano da cidade coruñesa tamén Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Por unha parte, destinarase case 1 millón de euros á adecuación dos camiños e sendeiros de acceso á Torre de Hércules, así como en actuacións relacionadas coa súa iluminación sustentable e a mellora da comunicación dixital mediante a posta en marcha dunha oficina turística virtual. Tamén se levarán a cabo campañas de sensibilización entre visitantes e poboación local sobre este edificio emblemático.

Por outra banda, investiranse outros 1,5 millóns de euros na restauración paisaxística de obras e infraestruturas do Parque do Pasatempo de Betanzos, xunto coa recuperación das zonas degradadas da súa contorna.

Ambos proxectos inclúense nos 22,7 millóns de euros que Galicia recibirá no marco do Plan Xacobeo Next Generation para rehabilitar 12 Bens de Interese Cultural (BIC) da comunidade. Xunto con estes dous BIC da provincia coruñesa, contémpanse tamén melloras no arquipélago de Sálvora, que contará cunha axuda de 800.000€ para actuacións de rexeneración ambiental e posta en valor da contorna, equipamento de eficiencia enerxética, experiencias turísticas interactivas e deseño e restauración de establecemento para turismo científico e destino starlight.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes 22,7 millóns de euros para a reforma de 12 BIC forman parte do total dos 39,2 millóns de euros de fondos europeos que Galicia xestionará ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation coa finalidade de consolidar a recuperación turística da comunidade aproveitando a celebración deste Ano Santo Dobre. Os fondos europeos supoñen unha oportunidade histórica para dar a coñecer o Xacobeo 21-22, un evento internacional no que a Xunta investiu máis de 171 millóns de euros entre 2021 e este 2022 na súa organización.

Ademais, cómpre lembrar que o Ano Santo será o motor da recuperación económica e o ano pasado Galicia estivo de moda e liderou a recuperación turística de España grazas ao reforzo da comunidade como destino seguro co apoio ao sector, medidas pioneiras como o bono turístico ou o seguro coronavirus ou a promoción con campañas como *Camiña a Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A CIDADE DAS TIC DA CORUÑA, QUE AVANZA NO SEU OBXECTIVO DE CONVERTERSE NUN POLO TECNOLÓXICO E DE INNOVACIÓN DIXITAL DE REFERENCIA, XA TEN MOBILIZADOS MÁIS DE 6 M€, DOS QUE A XUNTA ACHEGA O 85%**

- A iniciativa, que forma parte da candidatura galega aos Next Generation, aspira a recibir fondos europeos a través do Goberno central e contribuír á xeración de pegada industrial en Galicia
- A partir do próximo ano crearanse máis de cen empregos de alta cualificación nesta primeira fase do proxecto, que inclúe iniciativas como o centro de fabricación avanzada e o laboratorio de intelixencia artificial Galaxy-Lab
- As obras deste primeiro centro estarán concluídas a principios de 2023, configurándose como un espazo de probas para que as pemes galegas impulsen proxectos vinculados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación
- A Cidade das TIC impulsará a través de Galaxy-Lab a investigación e a experimentación con vehículos aéreos non tripulados en contornas urbanas
- O Executivo galego asinou xunto ao Clúster TIC, a Universidade da Coruña, a Deputación e o Concello un convenio que senta as bases da colaboración para materializar o proxecto no menor tempo posible, establecendo unha folla de ruta e un cadro de mando
- Galicia é a quinta comunidade autónoma por número de empresas tecnolóxicas, con 2691 no ámbito TIC -un 2,2% máis que en 2020- que achegan o 2,69% do PIB galego

O Consello da Xunta avaliou hoxe o estado de desenvolvemento da Cidade das TIC, unha iniciativa pioneira que está a impulsar o Executivo galego para facer da Coruña un polo tecnolóxico e de innovación dixital de referencia tanto a nivel nacional como internacional. Por este motivo, agarda poder mobilizar 55 millóns de euros, xa que o proxecto forma parte da candidatura aos fondos europeos Next Generation que Galicia presentará ao Goberno central.

Para acadar este obxectivo, a Xunta está impulsando as primeiras propostas con achegas que superan os 5,4 millóns de euros, é dicir, o 85% de todo o investimento comprometido ata agora, ao redor de 6,34 M€. Deste xeito, contribuírá a partir do próximo ano á creación de máis de 100 postos de traballo de alta cualificación na antiga fábrica de armas da Coruña, empregos vinculados a un sector emerxente e en constante crecemento en Galicia como o das TIC.

En concreto, na actualidade, a Cidade das TIC aglutina distintas propostas que están a dar os seus primeiros pasos para converter este recinto nun lugar de referencia para o

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tecido empresarial, ofrecendo espazos que conxugan un campus tecnolóxico, unha incubadora de alta tecnoloxía, un centro demostrativo de servizos avanzados, un centro de formación e un laboratorio de intelixencia artificial para a utilización de vehículos aéreos non tripulados en contornas urbanas.

### **Centro de fabricación avanzada**

Cómpre lembrar que o centro de fabricación avanzada foi o punto de partida do proxecto. Unha infraestrutura que estará concluída a principios de 2023 e que se configura como un espazo de probas para que as pemes galegas impulsen proxectos vinculados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación. O investimento aprobado pola Xunta de Galicia para este centro está por riba dos 4,8 millóns de euros, cun orzamento global de ao redor de 5M€.

O centro de fabricación avanzada contará con catro laboratorios compartidos de innovación, que combinan medios, servizos de creación de prototipos e de lanzamento de proxectos TIC industriais, e ofrece tamén espazos para aloxar empresas do sector que esperan crear máis dun centenar de empregos directos nos primeiros tres anos.

En concreto, inclúese un Laboratorio Media -con elementos de modelado, captura e simulación de contidos para a industria que teñen aplicación en sistemas de mantemento remoto, xemelgos dixitais, márketing industrial ou prototipado de produto-; un laboratorio de intelixencia artificial, con elementos de demostración de sistemas reais de intelixencia artificial de todo tipo-; un laboratorio de dispositivos intelixentes, cunha zona de prototipado de electrónica específica para o internet das cousas ou unha zona de nanosensores subministrada polo INL de Braga-; e un laboratorio de formación e simulación en *quantum computing*, con aplicación en proxectos complexos de loxística, de análise bancario e de criptografía.

Distintas empresas teñen manifestado o seu interese de aloxarse no futuro centro, contando xa con seis espazos reservados (Imatia, Cinfo, ITG, Enxenio, Xoia e Odeene), aos que se suman tres empresas máis no área destinada a coworking (Tokiyota, Dtaspartan e Soslife7) e unha décima, Itelsis, cun córner no laboratorio de dispositivos intelixentes.

### **O laboratorio de intelixencia artificial para vehículos non tripulados**

Este centro de fabricación avanzada estase a complementar con outras actuacións entre as que destaca a recente aprobación dun laboratorio de intelixencia artificial (Galaxy-Lab) que impulsará a investigación e a experimentación con vehículos aéreos non

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tripulados en contornas urbanas, permitindo, ao mesmo tempo, ampliar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia.

O proxecto conta cun investimento de 1,1 millóns de euros, financiado ao 50% pola Axencia Galega de Innovación e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), e a previsión pasa por que poida estar finalizado no segundo semestre deste ano.

O obxectivo con Galaxy-Lab, ao igual que co centro de fabricación avanzada, é habilitar os mecanismos necesarios para poder xerar pegada industrial en Galicia, na procura de que este tipo de iniciativas atraian investimentos de negocios interesados no desenvolvemento tecnolóxico e industrial dos diferentes servizos.

### **Plan director**

Para levar as actuacións descritas, a Xunta asinou un convenio coa Universidade da Coruña, o Clúster TIC, a Deputación e o Concello, de cara á elaboración do Plan director e a constitución da estrutura de cogobernanza da Cidade das TIC.

O acordo, que busca sentar as bases da iniciativa deseñando a súa folla de ruta e establecendo o cadro de mando, conta cunha achega conxunta de 180.000 euros, dos que a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación achega, a través do Igape, 36.000 euros.

Deste xeito, foméntase a cooperación institucional e a público-privada, impulsando un modelo de crecemento intelixente, sostible e innovador que permita a optimización de recursos, e contribuíndo á modernización e o desenvolvemento do tecido industrial galego.

Entre o centro de fabricación avanzada, Galaxy-Lab e o convenio, o investimento ascende a 6.339.900 euros, dos que a Xunta de Galicia achega máis de 5,4M€ (85%).

### **Consulta ao tecido industrial**

A Cidade das TIC é froito da consulta realizada no seu día entre o tecido produtivo galego para coñecer a demanda existente de espazos industriais compartidos. Aquela manifestación de Interese (MDI) convocada pola Xunta deu lugar a unha convocatoria de axudas tras a que se están a impulsar en Galicia sete centros de fabricación avanzada en diversos sectores industriais, como as TIC, o biotecnolóxico, a loxística, o turismo ou o agroalimentario.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, e ademais da Cidade das TIC, o Goberno galego destina máis de 4M€ ao centro biotecnolóxico do Tambre, en Santiago de Compostela, para prover ao sector de laboratorios para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común. A terceira infraestrutura é un centro de tratamentos térmicos do aceiro que, cun apoio de 2M€, estará situado en Narón co obxectivo de facilitar a realización de máis traballos con este material, como a reparación de buques.

Na provincia da Coruña tamén se apoiou a planta piloto de Inleit en Curtis con 2,4 millóns de euros para a síntese de proteínas e subprodutos lácteos de alta calidade. Ademais, concedéronse 2,5M€ á Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat), en Caldas de Reis e pertencente a Clesa, para impulsar un centro de fabricación avanzado de lácteos de alto valor engadido.

Finalmente, destináronse 4,3 millóns ao centro loxístico da automoción no Porriño para a realización de actividades de formación, demostración e experimentación sobre operacións reais no eido da industria do automóbil pero tamén no alimentario e o naval; e, no eido do turismo e a innovación, impulsouse con 370.000 euros o Centro de Servizos Avanzados Galicia TurisTIC en Vilagarcía de Arousa.

Tras o éxito desta primeira convocatoria, a Xunta xa ten activado unha segunda consulta entre o tecido produtivo galego, recibindo novas manifestacións de interese encamiñadas a impulsar en Galicia máis centros de fabricación avanzada.

### Sector TIC

O sector tecnolóxico galego segue avanzando, segundo os datos do estudo *Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia. Edición 2021*, elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga). Así, Galicia conta con 2961 empresas desta sector, o que supón un crecemento do 2,2% con respecto a 2020. Galicia convértese na quinta comunidade autónoma por número de empresas tecnolóxicas, que achegan o 2,69% do PIB galego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA HOXE POR 2 M€ A NOVA OFERTA PÚBLICA DE ADQUISICIÓN DE INMOBLES PARA REHABILITALOS NOS CONCELLOS DA CORUÑA, OURENSE, FERROL, RIBADEO E TUI**

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda reserva a metade do orzamento, 1 millón de euros, para a cidade herculina
- Os propietarios interesados en presentar as súas ofertas dispoñen ata o 15 de xullo para trasladalas
- O Instituto Galego da Vivenda e Solo acaba de adxudicar, por un total de máis de 1 millón de euros, as obras de rehabilitación de cinco edificios en Betanzos dos que se prevén obter outras tantas vivendas

A Xunta lanza hoxe unha nova oferta pública do programa Rexurbe, á que destina 2 millóns de euros, para a adquisición de inmobles co obxectivo de rehabilitalos e destinalos despois a vivendas de promoción pública nos concellos da Coruña, Ferrol, Ourense, Ribadeo e Tui.

O Consello foi informado do contido da quinta convocatoria pública deste programa, [publicada este venres no Diario Oficial de Galicia](#), en base á cal a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pretende adquirir máis inmobles para rehabilitalos e obter vivendas públicas nos centros históricos das vilas galegas.

A oferta pública deste ano prioriza a aqueles concellos que xa teñen declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico —área Rexurbe—, onde existe un maior número de edificacións ou solares en estado de abandono ou semiabandono.

A finalidade é adquirir inmobles que, estando inscritos no Rexistro da propiedade, cumpran cos seguintes requisitos: permitirán que as futuras vivendas reúnan as condicións óptimas de confort e habitabilidade; non se atopen afectados por servidumes ou cargas, que poidan facer inviable a actuación; e que os custos de rehabilitación non resulten desproporcionados.

Un dos criterios que se terá en conta para a adquisición dos mesmos é o interese da área na que se atope, dando prioridade aos edificios que teñan un valor arquitectónico especial que aconselle a súa recuperación, aqueles cuxa recuperación poida contribuír de xeito especial á rexeneración ambiental da zona onde estea emprazado e ás ofertas que contemplen a recuperación dunha mazá completa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A oferta de 2022, ao igual que as anteriores, prevé un reparto para cada concello do investimento total. Non obstante, no caso de non esgotarse o crédito previsto para un determinado municipio e, ao mesmo tempo, o crédito inicial previsto para os demais resultase insuficiente, poderá variarse o importe sinalado.

A Xunta reserva a metade do orzamento, 1 millón de euros, para a cidade da Coruña, onde se inclúe o Casco Vello e o eixo Orzán-Panadeiras. O resto do crédito total distribúese entre Ourense (400.000 euros), Ferrol (200.000 euros), Ribadeo (200.000 euros) e Tui (200.000 euros).

Os propietarios interesados en presentar as súas ofertas dispoñen ata o 15 de xullo para trasladalas á Xunta.

### **Balance do Programa Rexurbe**

O Goberno galego puxo en marcha en 2017 o programa Rexurbe. Na actualidade, xa ten comprometidos máis de 36 millóns de euros na adquisición e rehabilitación de 87 inmobles emprazados nos centros históricos, cos que prevé obter máis de 150 vivendas de promoción pública.

En concreto, xa se executaron por completo as obras de 20 propiedades, que deron como resultado 33 vivendas; e as outras 67 propiedades adquiridas están actualmente en fase de execución ou en proxecto para a obtención de máis inmobles públicos.

Cómpre salientar que Betanzos é un concello referente deste programa, pois foi o seleccionado para levar a cabo unha experiencia piloto: a Xunta xa era propietaria de 11 inmobles que se incorporaron ao Rexurbe, aos que se uniron outros seis na primeira oferta pública de adquisición.

Na actualidade, xa se rehabilitaron 10 inmobles, dos que resultaron 14 vivendas. Respecto dos restantes, o Instituto Galego da Vivenda e Solo acaba de adjudicar, por un total de máis de 1 millón de euros, as obras de rehabilitación de tres edificios nas rúas Cerca 43 e 2ª Venela de Clérigos 4 e 10, dos que se prevén obter tres vivendas; así como dos inmobles localizados en Alfolí 6 e Pinche 9, dos que se obterán dúas vivendas.

Con respecto á cidade da Coruña, cómpre lembrar que hai un mes a Xunta asinou as escrituras de adquisición dun inmovle localizado na rúa Santa María 6, por un importe de 392.194 euros.

Por último, a Xunta aproveita o Consello celebrado na Coruña para lembrar ao Concello que ten pendente, desde hai case dous anos, a presentación do plan de dinamización da

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa área Rexurbe, no que debe indicar as medidas a adoptar e actuacións que se deben levar a cabo, o custo estimado e as fontes de financiamento.

A figura da área Rexurbe foi creada coa Lei de rehabilitación de 2019 e na actualidade xa existen seis declaradas en Galicia: Mondoñedo (febreiro de 2020), A Coruña (maio de 2020), Ribadavia (xullo de 2020), Tui (xullo de 2021), Ribadeo (decembro de 2021) e Ferrol (xaneiro de 2022).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ESTUDA A CONSTRUCCIÓN DE 58 VIVENDAS PÚBLICAS MÁIS NO BARRIO DE XUXÁN, NA CORUÑA, QUE SE SUMARÍAN ÁS 80 XA PROXECTADAS**

- O IGVS prevé rematar en verán as primeiras 40 e salienta que se presentaron 18 ofertas á licitación do proxecto das outras 40 xa planificadas
- O Goberno galego sacará a concurso proximamente 13.000 m<sup>2</sup> de solo residencial no mesmo ámbito para que os promotores e cooperativas interesados constrúan máis de 180 vivendas protexidas
- O investimento total estimado da Xunta en Xuxán, entre as obras executadas e as previstas, supera os 45 millóns de euros

A Xunta de Galicia estuda a construción de 58 vivendas de promoción pública (VPP) máis no barrio de Xuxán –tamén coñecido como Ofimático–, na Coruña, que se sumarían ás 80 xa proxectadas. Deste xeito, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) prevé elevar a case 138 a oferta de inmobles da súa propiedade neste ámbito.

Na actualidade, a Xunta está a construír 40 VPP, distribuídas en catro portais, con rochos e 89 prazas de garaxe. A obra foi adxudicada por 5,7 millóns de euros e a previsión é que estean rematadas este mesmo verán, para ser entregadas a persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

Así mesmo, está a impulsar unha segunda promoción doutras 40 VPP. A finais de xaneiro deste ano licitouse, por un importe de 360.000 euros, a redacción do proxecto e dirección de obra, á cal se presentaron un total de 18 ofertas que están a ser analizadas neste momento polo IGVS.

A estas 80, divididas en dous bloques de 40, sumaríanse as 58 que está estudando construír, á espera da distribución definitiva dos fondos europeos.

En canto á vivenda protexida construída por promotores e cooperativas, a Xunta prevé convocar proximamente o concurso público de solo residencial en que se ofrecerá unha superficie útil de 13.000 m<sup>2</sup> –4 parcelas– tamén barrio de Xuxán, onde se poderán construír 186 inmobles de protección autonómica (VPA).

Estas vivendas protexidas súmanse ás 386 que van ofertar en breve para venda e alugueiro con réxime especial os promotores e cooperativas beneficiarios do concurso de solo residencial de 2020 e das permutas efectuadas. Anteriormente, as cooperativas beneficiarias do primeiro concurso de solo xa edificaron 247 vivendas protexidas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, grazas á actuación da Xunta de Galicia, entre as construcións que están finalizadas e as proxectadas, públicas e privadas, a oferta de vivenda protexida en Xuxán ascende a case un milleiro de inmobles.

Así mesmo, tamén existen dous ámbitos de uso terciario que xa foron adxudicados. Nun deles foi edificado un supermercado de grandes dimensións que xa está en funcionamento, mentres no outro está xa prevista unha actuación similar.

O Consello, celebrado hoxe na cidade herculina, foi informado sobre estas actuacións en materia de vivenda e solo.

### **Urbanización do barrio de Xuxán**

Cómpre lembrar que a Xunta era propietaria ao inicio de máis da metade da superficie do ámbito. A urbanización planificouse en tres fases distintas e, na actualidade, está en execución a segunda delas, en que o Goberno galego achega 5,85 millóns de euros.

A Administración autonómica colaborou en todo momento no impulso do barrio de Xuxán, con compromisos financeiros como o adianto das cotas de urbanización tanto da primeira fase como da segunda. O investimento total estimado da Xunta, entre as obras executadas e as previstas, supera os 45 millóns de euros

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 18 M€ NUN CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA FOMENTAR A MOBILIDADE SOSTIBLE NA ÁREA DA CORUÑA, CUNHA PASARELA SOBRE A RÍA DO BURGO COMO OBRA SINGULAR**

- A nova estrutura facilitará os desprazamentos a pé e en bicicleta entre Santa Cristina e As Xubias, mellorando tamén a accesibilidade ao Hospital
- No seu deseño apostarase pola máxima funcionalidade e o mínimo impacto ambiental e paisaxístico, dispoñendo a pasarela a modo de “alfombra sobre a ría” que revolucionará a mobilidade de peóns e de ciclistas
- Para asegurar unha mellor conectividade, a actuación terá continuidade en catro sentidos: na conexión coa AC-12 nas Xubias; coa zona máis urbana de Santa Cristina; co paseo marítimo litoral da Coruña; e, a medio prazo, co novo CHUAC
- O investimento autonómico estimado nestas intervencións ascende a 8 M€
- Impúlsase tamén a mellora de máis de 300 paradas de autobús de transporte público interurbano en vías autonómicas de acceso á Coruña, cun investimento de máis de 9 M€
- Prevense tres aparcadoiros co sistema ‘carpooling’, que facilita compartir coche, con 150 prazas e situados nos accesos da Vía Ártabra, en Oleiros, e na AG-55 na Laracha e en Carballo, aos que se destinarán 0,6 millóns de euros
- A estas actuacións súmase a estación de autobuses intermodal, que a Xunta licitou o pasado venres e que inclúen un aparcadoiro subterráneo e os elementos comúns, cun investimento global de preto de 40 M€
- As intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sostible nas cidades galegas

A Xunta impulsará un conxunto de actuacións para fomentar a mobilidade sostible na Coruña e na súa área de influencia cun investimento autonómico de preto de 18 millóns de euros, que prevé como obra singular e destacada unha nova pasarela que cruzará a ría do Burgo desde A Coruña ata Santa Cristina, xa no concello de Oleiros.

Este conxunto de actuacións, que foron abordadas hoxe no Consello da Xunta, enmárcanse no programa europeo dos Fondos Next Generation e teñen como obxectivo favorecer a mobilidade sostible na Coruña e na súa contorna, fomentando a diminución de emisións de gases a atmosfera.

A proposta da Xunta prevé, en primeiro lugar, unha conexión entre A Coruña e Oleiros a través da prolongación do paseo marítimo entre a praia de Oza e As Xubias, e unha pasarela peonil e ciclista entre As Xubias e Santa Cristina, cruzando a ría. Estas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actuacións suporán un investimento da Xunta estimando en 8 millóns de euros, e veranse completadas, a medio prazo, coa conexión co Novo CHUAC, prevista no proxecto hospitalario que tamén está a impulsar o Goberno galego.

A nova pasarela peonil e ciclista que se executará para salvar a ría do Burgo ten como obxectivo fomentar a mobilidade sostible entre os núcleos de Santa Cristina, no concello de Oleiros, e As Xubias, na Coruña, ademais de mellorar a accesibilidade non motorizada cara ao Complexo Hospitalario Universitario desde Oleiros.

A construción desta nova pasarela permitirá conectar as dúas marxes da ría do Burgo, permitindo que os veciños poidan percorrer a pé ou en bicicleta a distancia de 800 metros entre Santa Cristina e As Xubias sen ter que empregar, como ata agora, a ponte Pasaxe, que supón percorrer ata máis de 3 quilómetros; tendo ademais que compartir o itinerario cun elevadísimo número de vehículos privados, xa que a ponte da Pasaxe rexistra unha intensidade media de tráfico de case 87.000 vehículos ao día.

A nova pasarela permitirá, polo tanto, atender a mobilidade de dous puntos de atracción e xeración de desprazamentos entre ambas as marxes da ría do Burgo: a praia de Santa Cristina, con numerosos establecementos turísticos e de ocio, que atraen un importante número de visitantes procedentes da Coruña, especialmente no verán, fins de semana e festivos; e por outro, do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, situado na zona das Xubias, posiblemente o nodo de atracción máis importante de toda a provincia, tanto polos desprazamentos xerados diariamente polo seu elevado número de persoal, como polas consultas e ingresos de pacientes e polas visitas de familiares.

Tendo en conta as características do espazo no que se vai desenvolver a nova pasarela peonil e ciclista, para minimizar o impacto ambiental e paisaxístico sobre a ría, considérase imprescindible reducir ao mínimo os apoios e restrinxir a altura dos elementos estruturais, de tal xeito que non superen a altura dos edificios existentes na zona de Santa Cristina. Polo tanto, no deseño teranse en conta o menor impacto visual e territorial, creando unha estrutura a modo de "alfombra sobre a ría" que transformará a mobilidade de peóns e ciclistas.

Estes condicionantes propiciarán que a nova pasarela combine unha elevada lonxitude do vano principal cunha altura moi restrinxida, o que implica que as súas serán excepcionais e únicas, o que supón tamén dificultades técnicas singulares na súa execución. Deste xeito, búscase apurar o límite da técnica en materia de deseño estrutural para acadar o equilibrio entre máxima funcionalidade e mínima afección paisaxística ao medio natural.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta xa está a preparar os pregos para un concurso aberto de contratación conxunta, de redacción de proxecto e execución dos traballos, que se licitará xa nesta primavera, no que as propias empresas que se presenten deberán propoñer solucións para a execución da pasarela, respectando uns condicionantes que establecerá a propia administración autonómica. A viabilidade da actuación está garantida, desde o punto de vista estrutural, de acordo cun traballo previo elaborado pola Fundación da Enxeñería Civil de Galicia, que avanzou unha proposta de deseño de tipoloxía estrutural da actuación.

### **Senda litoral, peonil e ciclista, entre a praia de Oza e As Xubias**

Para aproveitar ao máximo o potencial da nova pasarela e darlle continuidade, completando os 8 millóns de euros de investimento previstos pola Xunta neste conxunto de actuacións, asegurárase a conectividade en catro sentidos: enlazando coa AC-12 e o seu carril bici, no propio ámbito das Xubias; en Oleiros coa zona máis urbana de Santa Cristina; tamén medio prazo, e no contexto da execución do Novo CHUAC que se está a impulsar, conectando con esta infraestrutura hospitalaria; e co paseo marítimo litoral da Coruña, que a día de hoxe remata na praia de Oza.

Prevese desenvolver tamén este último treito de conexión, de modo que os peóns e os ciclistas poidan desprazarse cun percorrido practicamente chan e ao bordo do mar, existente ata a praia de Oza e a executar desde ela ata As Xubias.

O trazado que se prevé desenvolver adaptarase ao previsto polo Concello no instrumento de planeamento que se está a tramitar para a zona e será unha parte do paseo do litoral que, no futuro, permitirá conectar co existente no interior da ría do Burgo.

### **Mellora de máis de 300 paradas de autobús**

O segundo eixe da proposta de mobilidade sostible da Xunta consiste na mellora de máis de 300 paradas de autobús nas liñas de transporte público interurbano, situadas en estradas autonómicas que dean acceso á cidade da Coruña, fundamentalmente desde o ámbito da área de transporte metropolitano, pero tamén, puntualmente, doutros concellos non incluídos nesa área. A esta liña de traballo a Xunta achegará un investimento superior aos 9 millóns de euros.

Estas intervencións suporán a mellora do equipamento da parada, como as marquesiñas, os postes ou os bancos; e da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, con rampas, información en braille ou pavimento con tacto visual. Tamén se mellorará a sinalización e a seguridade, co reforzo da iluminación e da visibilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para acadar estes obxectivos, será preciso un importante esforzo de enxeñaría de detalle, dado que para cada caso será necesario avaliar funcionalidade, topografía, servizos que se poidan ver afectados e a posible necesidade de expropiar terreos para conseguir unha mellor configuración do apartadoiro e do refuxio.

### **Tres aparcadoiros con 150 prazas e sistema 'carpooling'**

O informe abordado hoxe no Consello da Xunta prevé a execución de tres aparcadoiros con arredor de 150 prazas, que suporán un investimento de 0,6 millóns de euros.

Estes tres aparcadoiros seguirán o sistema 'carpooling', unha modalidade que permite que as persoas que se queiran dirixir á cidade da Coruña se poidan agrupar para realizar a viaxe nun só vehículo, de xeito que se eviten percorridos innecesarios e se reduza o custo da mobilidade. Prevese que estes aparcadoiros estean situados nos accesos da Vía Ártabra, en Oleiros; e na AG-55, na Laracha e en Carballo.

Ademais de estar conectados á rede de transporte público, os aparcadoiros tamén poderán dispoñer de puntos de recarga eléctrica, de alugueiro de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución de gases de efecto invernadoiro.

### **Estación de autobuses intermodal da Coruña**

A estas actuacións sumaranse as obras da estación de autobuses da intermodal da Coruña, que se licitaron o pasado venres, 1 de abril, xunto co aparcadoiro subterráneo e o proxecto de elementos comúns, elaborado por Adif pero que materializará a Xunta, cun investimento global de preto de 40 millóns de euros.

A Xunta achegará a estas actuacións practicamente a metade do orzamento, 19,6 millóns de euros. As empresas interesadas dispoñen de prazo ata o vindeiro 9 de maio para presentar as súas ofertas.

A partir de aí continuarase cos trámites administrativos necesarios co obxectivo de iniciar os traballos no mes de outubro, cun prazo de execución de 29 meses. Estas obras levarán aparellados 700 empregos.

### **Fondos Next Generation**

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sostible nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais de Lugo, da Coruña e de Ferrol, dando así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do transporte noutras cidades como Santiago e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia.

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

A Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das 7 grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás cidades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORARÁ COA AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA NA EXECUCIÓN DUNHA ESTRUTURA FLOTANTE NO PARROTE PARA BAÑO E ACTIVIDADES DE OCIO, CUN INVESTIMENTO DE 3,1 M€**

- Será a primeira achega autonómica ao desenvolvemento da fachada marítima da Coruña, á que se comprometeu a destinar 20 M€
- A estrutura construírse en formigón revestido de madeira e será compatible coa actividade marisqueira
- Prevese a súa execución en dúas fases: nunha primeira habilitarase unha estrutura flotante de 10 x 30 metros conectada coa terra cunha pasarela, ademais dun pequeno edificio provisional prefabricado e un tramo de bancada na escolleira
- Na segunda fase completarase toda a estrutura e o edificio de servizos asociado, xunto cun sistema de pasarelas e unha zona completa de bancadas
- Esta actuación permitirá poñer en 2023 á disposición da cidade espazos portuarios sen ten que agardar ás xestións e acordos municipais
- Cómpre lembrar que desde o pasado 21 de outubro a Xunta e a Autoridade Portuaria están á espera do pronunciamento municipal sobre a proposta de colaboración ofrecida para a recuperación da fachada marítima da Coruña

A Xunta colaborará coa Autoridade Portuaria da Coruña na execución dunha estrutura flotante na zona do Parrote para o desenvolvemento de actividades de ocio náutico, poñendo á disposición da cidade un novo atractivo turístico ao que destinará 3,1 M€.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o novo equipamento previsto nesa zona do Porto da Coruña, que suporá os primeiros 3,1 millóns de euros de investimento autonómico dos 20 millóns comprometidos polo Goberno galego para a recuperación da fachada marítima, con actuacións de interese para a cidadanía.

Esta nova instalación servirá de elemento central dunha zona de baño autorizada nesa área e permitirá o desenvolvemento doutras actividades de recreo náuticas.

A estrutura flotante construírse en formigón prefabricado, cun revestimento de madeira para mellorar a confortabilidade dos usuarios. A zona de baño estará debidamente balizada e o seu uso será compatible coa actividade marisqueira actual da zona.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo equipamento público completárase coa execución dun pequeno edificio de servizos asociado, que albergará zona de baños, almacén, vestiarios ou zona de hostalería, así como servizos de actividade náutica, que estará situado nunha plataforma pilotada que sobrevoe a escolleira. Ademais, para achegar o mar aos cidadáns, instalaranse unhas bancadas sobre a escolleira existente.

A execución deste novo equipamento prevese en dúas fases. A primeira delas inclúe a execución dunha estrutura flotante duns 10 x 30 metros, conectada con terra mediante a execución dunha pasarela. Tamén se construírá un pequeno edificio provisional prefabricado nas proximidades e a execución dun pequeno tramo de bancada na escolleira.

Nunha segunda fase, os traballos incluirán a construción da estrutura en todo o seu desenvolvemento, así como o edificio de servizos asociado. Tamén se executará un sistema de pasarelas accesibles e desenvolverase completamente a zona de bancadas.

Imaxes dos traballos en cada unha das dúas fases de desenvolvemento:



A día de hoxe, a Autoridade Portuaria da Coruña xa ten contratado o deseño básico do conxunto, así como o proxecto construtivo da fase 1.

Para o seu desenvolvemento, serán necesarios distintos trámites administrativos: a declaración de zona de baño, segundo o Decreto 240/2000, polo que se regula a declaración de zonas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma, para posibilitar esta actividade na contorna da estrutura flotante; a resolución da Autoridade Portuaria levantando a prohibición de baño na zona do Parrote; e o cumprimento do establecido

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das zonas de baño.

Tamén será precisa a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e a Autoridade Portuaria para o financiamento e o reparto de responsabilidades, imprescindible para a licitación das obras.

Ademais, de xeito previo á execución dos traballos, deberase contar co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por ser este equipamento adxacente ao conxunto histórico-artístico da Cidade Vella da Coruña; e informe de compatibilidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

A xestión da área de baño, en canto ao servizo de socorristas, deberá ser realizada polo Concello da Coruña. A explotación dos servizos asociados, o edificio e o mantemento da estrutura flotante, levarase a cabo a través do outorgamento dunha concesión.

Hai que ter en conta que no ano 2021 o Concello da Coruña solicitou autorización para a declaración como zona de baño a área do Parrote, obtendo resolución favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública.

### **En 2023, espazos portuarios á disposición da cidade**

Tras avaliarse distintas alternativas, a Xunta en colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña, adoptaron a decisión de que a estrutura flotante do Parrote será o primeiro equipamento público financiado polo Goberno galego que se executará para poñer, canto antes, á disposición dos coruñeses e da cidade espazos portuarios.

Estímase que o vindeiro ano 2023 estas instalacións de recreo, que dotan dun novo atractivo turístico á cidade, poidan estar xa en funcionamento.

Deste xeito, a actuación permite poñer dun xeito rápido á disposición dos coruñeses espazos portuarios sen ter que agardar ás xestións e acordos municipais, evitando demoras nos avances de recuperación da fachada marítima da cidade.

A Xunta investirá así os primeiros 3,1 millóns de euros dos 20 millóns comprometidos na estrutura flotante do Parrote, como unha primeira fase, case inmediata, na recuperación da fachada marítima.

Cómpre lembrar que desde o pasado 21 de outubro a Xunta e a Autoridade Portuaria están á espera do pronunciamento por parte do Concello da Coruña sobre a proposta de colaboración ofrecida para a recuperación da fachada marítima. Ese acordo, en relación á adquisición de terreos e urbanización dos peiraos de Batería e de Calvo Sotelo recolle

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que serán financiados nun 5% pola Autoridade Portuaria, nun 20% pola Xunta e nun 75% polo Concello da Coruña, tras rexeitar a administración local a porcentaxe do 51% ofrecida nun primeiro momento pola Xunta para a adquisición de terreos e a súa urbanización.

Con todo e pese ao compromiso do Concello de achegar o 75%, os orzamentos municipais que están a piques de aprobarse non recollen partida algunha para este proxecto.

A Xunta, pola súa parte, mantén o seu compromiso de investir 20 M€ na recuperación da fachada marítima da cidade: destinando 5 millóns para a adquisición de solo e 2,4 millóns para a urbanización deses terreos, de acordo coa porcentaxe de adquisición do 20% acordada; o resto do investimento ata acadar os 20 millóns totais comprometidos, destinarao a equipamentos públicos de interese no ámbito portuario, sendo esta estrutura flotante do Parrote o primeiro que porá ao servizo dos coruñeses e da cidade

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Infografía da fase 1



### Infografía da fase 2



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA AS CONSULTAS AMBIENTAIS DOS ACCESOS AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA

- O proxecto tramitarase polo procedemento de avaliación ambiental simplificada
- O obxectivo é adiantar tempo e ter operativos os accesos ao Novo CHUAC desde as estradas estatais AC-10 e AC-12 para facilitar a circulación de cara ás obras da fase 1
- Tramitarase a mellora dos accesos existentes a través da Lei de estradas de Galicia, antes da aprobación do proxecto do novo hospital como de interese autonómico
- Construirase un novo enlace sobre a AC-12 con glorieta elevada; un viario perimetral que circunvala o ámbito de actuación e con sentido único de circulación; e a ampliación e mellora do viario perimetral norte
- Tamén se modificarán os accesos ao hospital San Rafael, canalizando a súa saída pola nova glorieta elevada, e a pasarela actual, afectada polo novo ramal da glorieta
- A Xunta destinará ao Novo CHUAC 430 M€, o maior investimento da sanidade pública galega, que inducirá máis de 6.000 empregos, entre directos e indirectos
- As obras da Fase 0, en execución, estarán finalizadas este ano e o obxectivo é que o 80% do novo hospital estea construído en tres anos
- Será referencia de asistencia sanitaria centrada no paciente e nos traballadores cun 15% máis de camas; un 50% máis de habitacións individuais; ou un 108% máis de postos de urxencias

O Goberno galego inicia as consultas ambientais da mellora dos accesos ao novo hospital público da Coruña, o Novo CHUAC. O Consello de Xunta celebrado esta mañá coñeceu un informe sobre o comezo, no día de hoxe, da tramitación do documento ambiental do proxecto dos accesos, que se tramitarán polo procedemento de avaliación ambiental simplificada.

O obxectivo deste procedemento é adiantar tempo e ter executados e operativos os accesos ao Novo CHUAC desde as estradas estatais AC-10 e AC-12 para facilitar a circulación de cara ás obras da fase 1.

Tramitarase, en primeiro lugar, a mellora dos accesos existentes pola Lei de estradas de Galicia, antes da aprobación do novo hospital como proxecto de interese autonómico, de modo que se poidan adiantar os trámites.

O documento analiza o impacto ambiental para a construción dos viarios para acceder ao hospital, que se empregarán nun primeiro momento para a execución das obras sen afectar ao tráfico existente no centro hospitalario.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ese documento ambiental tamén aborda as distintas solucións, sendo a alternativa seleccionada a de menor impacto desde o punto de vista da afección ambiental.

Óptase por construír un novo enlace sobre a vía estatal AC-12 con tipoloxía de diamante con glorieta elevada. O acceso á glorieta desde o lado do mar situarase na mesma situación que os actuais para non afectar o núcleo das Xubias de Abaixo. Os accesos no lado de terra realizaranse mediante ramais de acceso á glorieta, practicamente paralelos á AC-12.

Tamén se executará un viario perimetral que circunvalará o ámbito de actuación e con sentido único de circulación, e ampliarase e mellorarase o viario perimetral e as beirarrúas no viario da zona norte.

Ademais, modificaranse os accesos ao hospital San Rafael, canalizando a súa saída pola nova glorieta elevada, eliminando o trezado na AC-12 e ampliando a beirarrúa e a plataforma. Tamén se actuará sobre a pasarela actual, ao verse afectado o gálibo polo novo ramal de acceso á glorieta elevada.

A Xunta destinará ao Novo CHUAC 430 millóns de euros, o maior investimento da sanidade pública galega, que inducirá máis de 6.000 empregos, directos e indirectos.

O Novo CHUAC será referencia de asistencia sanitaria centrada no paciente e nos traballadores, cun 15% máis de camas; un 50% máis de habitacións individuais; o 50% máis de consultas e postos de observación de urxencias; e un 108% máis de postos de urxencia. Disporá, ademais, dun edificio de investigación e docencia.

Na materialización do Novo CHUAC terase en conta a excelencia na asistencia sanitaria, a calidade arquitectónica, a integración paisaxística e a máxima sustentabilidade.

A Xunta prevé ter rematadas as obras da Fase 0, actualmente en execución cun investimento de 13 M€, este ano e márcase como obxectivo que o 80% do novo hospital estea construído en tres anos.

Así, no primeiro trimestre de 2023, iniciaranse as obras do novo hotel de pacientes, para logo comezar as actuacións do viario e nos accesos, así como a demolición do actual hotel de doentes. No segundo trimestre de 2024 iniciaranse as obras do resto da Fase 1, co obxectivo de que, no primeiro trimestre de 2025, finalicen as do viario e accesos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mellora da mobilidade e do acceso desde a AC-12, que se tramitará de acordo coa Lei 8/2013, de estradas de Galicia



Planta do novo CHUAC, anel viario e acceso desde a AC-12

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A ELABORACIÓN DUNHA NOVA LEI DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA ADULTA

- Cómpre actualizar a normativa vixente, tras 30 anos da súa aprobación, para dar resposta á evolución social e tecnolóxica, así como á necesidade dun envellecemento activo
- Afondará nas opcións a distancia, en prol da extensión de todas as opcións ao rural, na orientación e na resposta á medida das necesidades de cada persoa

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao inicio dos trámites para a elaboración dunha nova lei de aprendizaxe ao longo da vida adulta. O primeiro paso, xa autorizado, é a consulta pública previa, que ten por obxecto recoller a opinión da cidadanía, organizacións e asociacións antes da elaboración dun proxecto normativo.

A nova lei derrogará a normativa vixente, a Lei 9/1992, de 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, dado que tras 30 anos este ámbito precisa dunha fonda revisión e actualización das liñas vertebradoras e do seus obxectivos. Neste sentido, cómpre ter en conta a evolución social e tecnolóxica, que abre tanto novas necesidades de actualización permanente de competencias como novas opcións de educación en liña, moi acaídas para estender o ensino ao rural. Así mesmo, o reto demográfico aconsella o establecemento de novas fórmulas de envellecemento activo e saudable a través da aprendizaxe permanente.

Así as cousas, a nova lei terá entre os seus obxectivos impulsar itinerarios de aprendizaxe flexibles e favorecer a configuración de traxectorias de formación adaptadas ás necesidades e intereses de cada individuo; garantir que as persoas adultas poidan adquirir as capacidades profesionais necesarias para atopar emprego ou mellorar o seu posto e adoptar as medidas necesarias para desenvolver un sólido sistema de orientación educativa e profesional. Así mesmo, potenciaranse as modalidades de aprendizaxe en liña, facendo delas unha opción atractiva en particular para as persoas adultas que necesiten conciliar a aprendizaxe coa vida familiar e profesional, así como para estender as diferentes opcións a todos os recunchos do territorio, en especial ao rural.

Para iso, a nova normativa incluírá programas de mellora das competencias clave e dixitais, a FP a distancia, os programas orientados á obtención de títulos do sistema educativo non universitario, a formación en idiomas, as iniciativas de potenciación do envellecemento activo e saudable e a formación de formadores, entre outros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE 8,2 MILLÓNS DE EUROS EN EQUIPAMENTO PARA A FASE 0 DO NOVO CHUAC**

- Os equipos que se van adquirir servirán para completar a dotación da ampliación da farmacia e para equipar con material de ecografía, monitorización, dispensación de medicamentos, respiración mecánica, equipamento electromédico, mobiliario clínico e mobiliario xeral das novas áreas de hospitais de día, hospitalización, urxencias e coidados intensivos
- Entre os meses de abril de maio, vanse licitar 10 expedientes de contratación para estas adquisicións, ao que se une outro expediente licitado xa no mes de marzo
- Este ano, os orzamentos da Xunta incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe do Servicio Galego de Saúde

Esta mañá, na reunión do Consello da Xunta, aprobouse a licitación de 10 expedientes de contratación para a adquisición de equipamento para a Fase do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Estes expedientes vanse licitar entre os meses de abril e maio e, unidos a outro máis licitado xa en marzo, completan un orzamento total de 8.220.218 euros para dotar aos novos espazos do equipamento necesario para o seu funcionamento.

Os equipos que se van adquirir mediante os expedientes aprobados hoxe servirán para completar a dotación da ampliación da farmacia e para equipar con material de ecografía, monitorización, dispensación de medicamentos, respiración mecánica, equipamento electromédico, mobiliario clínico e xeral das novas áreas de hospitais de día, hospitalización, urxencias e coidados intensivos.

No referido á ampliación da farmacia, vaise adquirir equipamento para dispensación automatizada, robotización en preparación de citostáticos, conxeladores de gran capacidade e temperaturas  $-80^{\circ}\text{C}$ , equipos de purificación de auga, cabina de seguridade biolóxica e mobiliario xeral, que inclúe dispensación de medicación ambulante e despachos farmacéuticos. A ampliación das urxencias precisará mobiliario xeral e mobiliario clínico para dotación de 16 postos de observación como padiolas e carros de enfermaría, equipamento electromédico acorde á capacidade da sala, principalmente para monitorización de pacientes, ecografía, electros, desfibriladores, respiradores de transporte e cardiocompresor.

Para a nova planta de hospitalización vaise adquirir mobiliario xeral e mobiliario clínico para dotación da unidade con 29 camas e as súas cadeiras de brazo correspondentes para acompañante, mesiñas, carros de traballo de enfermaría e grúas de mobilización de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pacientes; equipamento electromédico como desfibrilador, ecógrafo e pequeno aparataxe de monitorización de enfermaría como pulsioximetría, termometría, medidores de glucosa e tensión arterial, así como para a automatización da dispensación de medicación.

O equipamento necesario para a zona de hospitalización UCI está formado por mobiliario xeral e clínico para dotación de 30 boxes de críticos e equipamento electromédico como son aparellos de raios X portátiles, central de monitorización de pacientes avanzada, respiradores de transporte e cabeceira compatible con resonancia magnética, ECMO (sistema de osixenación por membrana extracorpórea), bombas de infusión de medicación e de alimentación, monitores de alto fluxo, ecocardiógrafos e grúas de mobilización de pacientes.

Para os hospitais de día, vaise adquirir mobiliario xeral e clínico con destino a 30 consultas externas, 100 ocos de sillóns de tratamentos, 20 ocos de camas e salas de procedementos; equipamento electromédico acorde a esta capacidade como son desfibriladores, electrocardiógrafos, aparellos de raios X portátiles, respiradores de transporte, equipos de ecografía, sistemas de monitorización fixos de cabeceira, trituradoras de cuñas, pequeno aparataxe de monitorización de enfermaría como pulsioximetría, termometría, medidores de glucosa e tensión arterial, carros de traballo de enfermería e grúas de mobilización de pacientes.

A posta á disposición dos cidadáns dun novo hospital público de referencia para as persoas da área sanitaria da Coruña é unha das máximas prioridades da Xunta para os vindeiros anos. O pasado mes de febreiro, o Diario Oficial de Galicia(DOG) publicou a declaración do novo Hospital Público da Coruña, novo CHUAC, como proxecto de interese autonómico.

Para desenvolver o novo CHUAC prevese un investimento por parte da Xunta superior aos 430 millóns de euros. Nestes momentos estase a executar a obra da "fase 0", cun importe de licitación de 13 millóns de euros. .

### **Equipamento Plan INVEAT**

Este ano, os orzamentos da Xunta incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe. Esta suma é resultado da proposta que presentou Galicia ao Plan INVEAT, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema Nacional de Saúde.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia recibiu un 7,7% dos fondos a repartir neste Plan. No caso do CHUAC implicará a renovación de catro TACs, dúas salas de hemodinámica, unha resonancia magnética, un equipo de angiografía vascular e un equipo de angiografía neurorradiolóxica. Estas renovacións suporán un investimento total de máis de 8 millóns de euros, dos cales os fondos Next Generation distribuídos polo Ministerio financian 6,7 millóns de euros. Os 1,3 millóns restantes corresponden a fondos autonómicos cos que a Xunta complementa a achega estatal para optar por equipos de máis alta gama, como un TAC espectral ou unha resonancia magnética máis avanzada.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

